Public Reve 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XIII • 5 DE XULLO • 1990

Nº 439 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

O 50 POR CENTO DAS RESES SACRIFÍCANSE SEN AS NECESÁRIAS GARANTIAS

MORRER COMA PORCOS

A maioria da carne que se consume provén de matadeiros, mesmo municipais, que non teñen as mínimas garantias sanitárias. O poder de certos carniceiros e o desinterese interesado dos veterinários apontalan esta situación anómala cando as indústrias cárnicas na Galiza están en crise e o précio da carne baixou alarmantemente para os gadeiros, propiciado, en parte, pola entrada de canais foráneos.

CHUS GARCIA

Entrada do Matadeiro de A Coruña

Sete golpistas na cúpula da Garda Civil

"O 23-F institucionalizou a Monarquía e permitiu o aceso do PSOE ao Goberno", afirma a ex-Presidente Calvo Sotelo. Fracasaba a estratéxia do *putsch* e triunfaba a *montaxe constitucional*, pero sacrificando a Alfonso Armada. Nove anos despois só queda António Tejero en prisión, ao ser excarcerado Jaime Miláns del Bosch. **(Páx. 5)**

Novas tractoradas o 11 e 12 de Xullo a prol do sector lácteo

Unha nova tractorada, esta vez, progresiva, vai ter lugar os dias 11 e 12 de Xullo. O acordo do Sindicato Labrego Galego tomouse cando ainda estaban *acampados* no Obradoiro e na coruñesa Praza de Pontevedra ante a demanda de medidas máis duras por parte dos produtores. **(Páx. 11)**

A UTEG pede que chamen a declarar a profesores de selectividade

O grande alboroto producido tras a polémica entrevista do responsábel da UTEG-INTG, Enrique Tello, co vicerreitor de Ordenación Académica pon de manifesto tensións e intereses contrapostos nun tema tan relevante como a selectividade. O papel un tanto polémico quedaria patente nesta semana chea de sobresaltos para os máis de 10.000 alunos de COU presentes nestas probas. **(Páx. 7)**

Felipe Senén: 'Os grandes monumentos corren perigo'

Infadigábel traballador na divulgación da nosa cultura por todos os médios posíbeis, sempre con paciéncia didáctica, ensinando con dinamismo unha cultura que debia estar lonxe do mofo e o balor que se supón aos museus, dos que sempre tivo unha valoración crítica.

(Páx. 12-13)

CHUS GARCIA

As matanzas clandestinas impeden un verdadeiro mercado cárnico.

A maioria dos matadeiros municipais son ilegais

A. EIRÉ

A crise das indústrias cárnicas e a da produción de carne van intimamente relacionadas. As importacións de canles foráneas e a inexisténcia dun verdadeiro mercado de gado vacun galego, acrescenta o deterioro da situación xa de por si grave. As matanzas clandestinas e sen garantias, mesmo na maioria dos matadeiros municipais, impeden unha mínima normalización do sector.

O 93 XA PODE SER TARDE

A maioria dos partidos europeus recoñecen, xa hoxe, que non pode existir unha verdadeira unidade europea se non se basea nas *rexións* e o mesmo Manuel Fraga reclamou en Luxemburgo un "Senado Europeu de base rexional". Os estados centralistas, que dia a dia perden poder a favor da CEE, viven en permanente e intrínseca contradición ao querer aferrollar o seu domínio sobre o território interior mentres perden gran parte da sua própria soberania.

Na Galiza, agás o PSOE, os demais partidos, incluindo o PP, falan da necesidade de renegociar certos aspectos do tratado coa CEE.

As teses nacionalistas van calando na sociedade e, mesmo os partidos estatais, vense na obriga de asumilas en parte, acosados pola evidéncia da situación e toma de postura da povoación. Alguns fano por próprio convencimento e despois de árduas discusións, como Coalición Galega, outros por oportunismo eleitoral como o PP. Cando se trata de buscar saída á crise dos distintos sectores, como no *Congreso de Pesca*, nas suas conclusións, invariabelmente, ten que recorrerse á petición de mudar as liñas do Tratado de Adesión.

Falar, tan só hai uns meses, da "Europa das nacións", fronte á "Europa dos Estados", significaba ser acusado de extremista que plantea hipóteses irrealizábeis.

Hoxe existe a conciéncia, mesmamente nos órgaos reitores da CEE, de que unha verdadeira unidade política europea non se pode levar a cabo tendo como base aos estados, pois teria pés de barro.

As *pretensións* nacionalistas de que Galiza renegócie o tratado de adesión óllanse cada vez máis próximas, pero tamén máis urxentes.

Certamente a evolución da CE, propiciada en gran medida pola revolución no Leste, vai a presa, pero para nós agardar a 1993 pode ser demasiado tarde.

O desmantelamento de Astano, Ascon, Sidegasa... pode ser unha mostra nídia do que pode ocorrer noutros sectores imposíbeis de recuperar pasado un tempo. Que se vai negociar no sector marítimo cando a frota estexa desguazada, as empresas desmanteladas e enfurruxadas? Que carne imos producir despois de ter pechado os matadeiros como Mafriesa, Frigsa, Campoverde e non existir circuítos de comercialización e ter pechado as granxas? Que leite imos vender se os nosos prados se inzan de eucaliptos?

Non se trata da incapacidade de producir senón de planeamentos económicos do Estado e a CEE, de planteamento políticos aos que só se lles pode facer frente desde a própria soberania. □

A NOSA TERRA

O "Plan Indicativo de Matadeiros", proxectado en 1984 foi realizado nun 75 por cento, pero ainda asi non se levou a cabo a erradicación dun 50 por cento das matanzas sen control da carne, primeiro co consentimento do Governo Albor, logo do de Laxe e, agora, do de Fraga, pésie ás reunións habidas neste sentido. As Consellarias de Sanidade e Agricultura pásanse a pelota pero sen que lle poñan fin á situación que, polo demais, incide no précio de venda das reses polo gadeiro e na própria crise das indústrias cárnicas.

Carne transportada en carretilla, becerros despelexados no chan, tripas revoltas coa carne, bostas que non se poden limpar por falta de água, cámaras que non enfrian o suficiente, cortes que fan de matadeiros e talleiros que de mesa de despece... O relato podia ser o dun zoco de calquer país africano. Pero non necesitamos ir tan lonxe para contemplar esa nídia imaxe terceiromundista: o 50 por cento da carne sacrificada na Galiza non ten as debidas garantias sanitárias, sen pasar o control de sanidade, de calidade e menos das razas. Na Galiza existen 26 matadeiros homologados que reunen todas as condicións esixidas pola CE até para poder exportar carne aos países comunitários, pero moitos destes matadeiros están en crise ou pecharon, como o caso de Mafriesa e Frigsa, os dous máis potentes.

A sua construción obedecia a un plan posto en marcha en 1984, chegándose a cumprir nun 75 por cento. Cada comarca debia de ter, segundo este plan, o seu matadeiro homologado no que se debian de realizar todos os sacrifícios de carne para a venda, incluídos os das pequenas carniceirias.

A Xunta era a responsábel de



XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

PEPE CARREIRO

pechar todos aqueles matadeiros que non cumprisen as condicións mínimas. Nun primeiro momento as decisións fóronse aprazando, incumprindo os prazos e só naqueles casos nos que os matadeiros homologados tiveron máis forza que os carniceiros se pecharon os matadeiros por parte dos concellos.

Os carniceiros fixeron valer, case sempre, o seu poder na comarca. Hai que ter en conta que, nos últimos anos co aumento do consumo de carne, debido entre outras cuestións ao cobro das pensións no rural, o que lle deu certa liquidez á economia familiar, amasaron considerábeis fortunas, sendo un dos sectores máis puxantes das pequenas vilas.

Negáronse en moitos casos a iren sacrificar aos matadeiros, non só por non pagar o estipéndio, senón porque no rural a carne da carniceiria ten ainda moita mellor sona que a dos matadeiros. Para o paisano, acostumado até agora a levar ao matadeiro as vacas vellas, feridas ou enfermas e a venderlle ao carniceiro os becerros do leite, o matadeiro significaba carne má.

As reunións do grémio sucedéronse na maioria dos concellos. Naqueles nos que existian matadeiros concertados intentaron construir un matadeiro municipal e ainda se agruparon para edificaren o seu próprio matadeiro que, a falta das subvencións non puderon pór a andar na maioria dos casos. En Chantada, asociados alguns deles compraron o matadeiro concertado.

Pero a inibición política, por medo a enfrontarse a estes sectores, e o interese particular dalguns veterinários, incidiu de maneira notábel para que todo quedase como estaba, ou pior ainda, pois en moitos lugares en que se pecharon os matadeiros, os sacrifícios das reses seguen a facerse na trastenda das carniceirias ou nas mesmas cortes. Facer a lista de concellos nos que sucede isto seria tanto como relatar unha ringleira de máis de cen nomes.

'A XUNTA NON SE ATREVE A PECHAR OS MATADEIROS QUE NON CUMPLEN AS CONDICIÓNS MÍNIMAS'

Os veterinários, cobrando ilegalmente, claro está, encarréganse de pór o correspondente selo dunha revisión sanitária inexistente, porque as mesmas condicións da matanza levarian xa en si a proibir a venda desa carne.

Matadeiros pechados

Chegarán alguns exemplos significativos para ilustrar a situación. En O Carballiño fíxose un matadeiro, no meio do monte, perto da estrada a Cea. Como non reúne as condicións sanitárias esixidas está pechado e cada quen mata na sua casa.

Na Estrada tamén se construiu un matadeiro, investindo 200 millóns de pesetas. Pero como non ten nen depuradora nen emisário está pechado.

En Arbo tamén construiron un matadeiro, pero non vale para tal función, necesitando unha remodelación. O Alcalde queríallo dar á empresa Expripor, pero non puderon traballar nel.

O matadeiro de Cangas non conta con água corrente. O de Marin está en idénticas condicións. O mesmo pasa co de Mos ou o de Gondomar. O de Bueu pechou. E o de Pontevedra non conta con autorización da Xunta.

En Carballedo cada un mata onde pode e na Barrela fixeron unha esécie de garaxe para triciclos á beira do rio...

Case todas as comarcas contan xa cun matadeiro que reúne as condicións esixidas, privatizando os matadeiros municipais no caso de Lugo e Ferrol. Ainda asi o actual Governo autonómico, a meio do Conselleiro de Indústria Xoán Fernández, prometeulle a subvención que fixese falta ao concello de Ribeira para construir un matadeiro, pois depende do comarcal de Vilagarcia, matadeiro que xa foi subvencionado.

'OS VETERINÁRIOS *SELAN* A CARNE SEN FACER AS OPORTUNAS INSPECCIÓNS E, ADEMAIS, COBRAN'

Na Galiza o sector cárnico emprega, pésie ao seu grande potencial a tan só 3.500 persoas, cantidade ínfima se se compara cos 35 mil que traballan neste sector en Castilla-León.

Parte de culpa neste déficit de fábricas que poderian manufacturar os nosos produtos, haberia que botarlla á Xunta, polo xeito de conceder as subvencións para levantar estas empresas: concedíanas para construir un matadeiro segundo os quilogramos de carne que eles consideraban que ia necesitar a comarca. A sua mira é corta como se ve, pero escandalosa se se compara coas subvencións *sen límite* que están dispostos a concederlle a empresas como as celulosas.

'HAI 26 MATADEIROS HOMOLOGADOS, PERO MÁIS DE 50 NON CUMPLEN OS REQUISITOS'

DELMI ÁLVAREZ

Fronte a esta política galega, en Astúrias subvencionaban co 30 por cento do custe, instaurando unha empresa comercializadora dos produtos cárnicos no que participa a Junta do principado, e en Cantábria o diñeiro autonómico entregado aos matadeiros ascendia ao 40 por cento do custe.

Na Galiza séguense vendendo os cuxos a cebar para fóra e, agora, até se compran as canles para vender aqui nas carniceirias. Mafriesa foi entregada a capital privado para que a pechasen despois de regalarlles 1.000 millóns de pesetas. Frigsa, que foi o grande matadeiro estatal, tamén foi entregado a mans privadas e agora producese a regulación de emprego, mentres que a multinacional proprietária trai a carne de fóra. □

Guerra de précios entre matadeiros e carniceiros

Ante a baixa dos précios ao produtor alguns matadeiros decidiron abrir os seus próprios despachos de venda ao público baixando tamén os précios, o que levou, nalguns casos, ao enfrontamento matadeiro-carniceiros.

O primeiro en pór en marcha a medida foi o matadeiro de Sárria. Despois duns dias de enfrontamento cos carniceiros, estes tamén decidiron baixar o précio.

Friluso, en Chantada, tamén seguiu o mesmo camiño, pero nesta comarca os carniceiros reaccionaron contra o matadeiro, acusándoos de estar perdendo cartos.

Baudílio Penas, Xerente de Frilusa, xustifica a medida adoptada de baixar os précios "porque non é lóxico que se lle compre ao produtor pagándolle 150 ou 200 pesetas menos o quilo de carne e despois nas carniceirias se lles cobre o mesmo. O 20 por cento de baixa que houbo para o produtor ten que chegarlle cando vai a consumir esa carne".

'NON SE LLE PODE TOMAR O PELO PAGÁNDOLLE OS BECERROS O 20% MENOS E VENDÉNDOLLE A CARNE AO MESMO PRÉCIO'

Baudílio Penas considera que "é preciso recuperar o consumo para logo poder recuperar os précios", recoñecendo que "cos précios que nós temos agora, até 300 pesetas menos que nas carniceirias, operamos cunha marxe de beneficio estreito pero é unha marxe que nos permite vender".

Coa posta en marcha do servício domiciliario e a baixa do précio, tanto en Chantada como en Sárria afirman que aumentou considerabelmente o consumo de carne. "Ao produtor", di o Xerente de Frilusa, "non se lle pode tomar o pelo pagándolle os becerros o 20 por cento menos e logo vendéndolle a carne ao mesmo précio, pero ademais hai que ter en conta que a situación que vive o agro galego non lle permite comprar carne eses précios desorbitados".

Pola sua banda os carniceiros afirman que "é imposíbel que podan vender o quilo de carne a eses précios sen perder pois estamos comprando nós a 900 pesetas quilo".

Pero ainda que o abaratamento da carne na venda ao público non se pode considerar unha medida que poda levantar, por si só, o mercado, si que é lóxica. □

A falta de infraestrutura no comércio interior propícia a baixa dos précios da carne

Os produtores de carne estanse a manifestar desde hai meses pedindo a "resposta urxente da Administración para sair da situación actual" que se caracteriza pola baix dos précios e a imposibilidade de vender os becerros, xatos e vacas. Se non se pon remédio as explotacións familiares de carne tenden a desaparecer, se non se cria unha estrutura comercial própria coa que facerlle fronte ás multinacionais. A sua crise vai interrelacionada coa das indústrias cárnicas.

Na Galiza non existe un verdadeiro mercado da carne porque tanto o sistema de feiras, incontrolado totalmente, como o de comprar pola casa, que só benefícia ao intermediário, levan á inseguridade de produtos e précios. Os mercados están totalmente descontrolados e neles pode incidir calquer, ainda que non sexa profisional, polo que é imposíbel saber a carne que chega aos matadeiros.

É necesário garantir que as transaccións sexan reais. A carne galega non compite realmente no mercado. Os carniceiros mercan por necesidades próximas, non por benefícios, e os tratantes amordazan o produto "comezan a dicer isto non vale, isto non vale e baixa. É necesário sacar do meio aos feirantes e caciques", afirma o responsábel dun matadeiro.

'AS EMPRESAS COMPRAN FÓRA A CARNE, VIVA OU MORTA'

Tamén é necesário unha nova cultura da venda entre os labregos. Abandonar a "venda ao vulto" realizada na feira. "O Labrego ten medo a vender mal. Se vende na feira, nunca venderá mal, a feira non ten précio e sempre se sentirá satisfeito, polo menos cara fóra", relata o "comercial" dunha empresa cárnica.

Ante a falta de infraestrutura do comércio interior as empresas recorren a comprar fóra a carne, viva ou xa morta, aducindo a estabilidade dos précios.

Segundo os expertos é necesário realizar as vendas agrupadas, coller cada vez máis poder no mercado porque as grandes áreas comerciais, as que venden gran parte da carne, prefiren comprarlle a maioristas.

Matadeiros como Macomusa tentan agrupar aos produtores, asegurándolles a recollida das reses e facendo de *garantia* entre as empresas comercializadoras e os gadeiros. As primeiras reunións xa tiveron lugar na Fonsagrada, unhas das zonas que máis se moveron para porlle solución ao problema.

O agrupamento dos labregos ou a formación de cooperativas

'OS PRODUTORES TEÑEN QUE AGRUPARSE E FACERSE FORTES NO MERCADO'

—non hai máis que ollar como o sector de carne de porco, moito máis organizado está a sacar beneficos nos últimos anos-* teria que levar aparellado a potenciación de empresas comerciais. Matadeiros como Macomusa faríanse cargo do produto garantindo uns précios fixados a nível quincenal, asi como o control de calidade e pesaxe.

Esta saída está a ser discutida con diversas agrupacións de gadeiros, pero seria tamén necesária a posta en marcha de empresas transformadoras.

Carne de calidade

Outra das saídas é a especialización en carne de calidade que viria dada xa pola *raza rúbia galega*. Pero as medidas postas até agora en marcha criaron bastante polémica e parecen beneficiar sobretodo ás grandes granxas das multinacionais.

O *Consello Regulador* inclue na denominación de orixe a todas as razas que nazan na Galiza. Para os *críticos* a *Carne Galega* deberia de ter unhas categorias que permitisen a producción de carne doutras razas, pero que primase a auténtica carne da raza rúbia galega.

Esta carne de calidade é a máis demandada, con précio e saída asegurados en todos os mercados. Se producimos unha carne que non ten as mesmas características que as demandadas, pode vir de fóra ese produto porque fano mellor que nós porque o levan facendo moito máis tempo.

Precisamente a Xunta está a subvencionar o gado cebado a razón de 6.300 pesetas por animal de máis de 200 kg., pero non se cumpren as condicións regulamentárias na maioria das explotacións para poder acollerse a esta subvención. Ademais ese produto pódeno traer de fóra cando queiran a menor précio, por iso os representantes das multinacionais na Galiza están a favor deste sistema. A carne que se demanda aqui na Galiza é a de moitos menos quilos, becerros que non cheguen aos 150, os chamados do leite. Hoxe, as explotacións familiares teñen que vender esta carne ao mesmo précio que a cebada con hormonados e similares.

Por outra banda a CE emprendeu nos últimos tempos as reformas da Política Agrária Comun, que teñen como obxectivo comprar menos en réxime de intervención por parte do FEOGA, para diminuir gastos agrícolas. No ano 1987 entraron en vigor parte destas reformas coa proibición de intervir nos précios máis que en contadas ocasións.

A situación foi aproveitada non só polos mercados de Madrid, Barcelona e Euskadi para comprar carne comunitária, senón que, mesmo indústrias galegas, estanse aprovisionando de carne fóra do noso país.

Por todo isto os produtores demandan unha resposta urxente por parte da Administración, o problema non é só Larsa nen o leite. □

'A PRODUCIÓN DE CARNE DE CALIDADE É A SAÍDA MÁIS FACTÍBEL'

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS
ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

GALIZA E MUNDO

■ O PSG-EG chama á unidade con Vigo como cidade-piloto (Páx. 6) ■ Marcha contra os eucaliptos na Terra de Montes (Páx. 8) ■ No *Dia Mundial Gai* (Páx. 10) ■ Tomás Borge chama á democratización (Páx. 14) ■ Un mundial sen tácticas novas (Páx. 15)

Nove anos despois do 23-F, co excarceramento de Miláns, só queda Tejero en prisión

Sete militares golpistas ascendidos á cúpula da Garda Civil

■ A. EIRÉ

"O 23-F institucionalizou a Monarquia e permitiu o aceso do PSOE ao Governo", afirma a ex-Presidente Calvo Sotelo. Fracasaba a estratéxia do *putsch* e triunfaba a *montaxe constitucional*, pero sacrificando a Alfonso Armada. Nove anos despois só queda Antònio Tejero en prisión, ao ser excarcerado Jaime Miláns del Bosch. Pero ainda é pior que, segundo o Sindicato Unificado da Guardia Civil, polo menos sete militares implicados naquel golpe ocupen agora altos cargos no *Instituto Armado*.



DIRECCION GENERAL DE LA GUARDIA CIVIL

HOJA INFORMATIVA

ORIGEN: Comité Federal del Sindicato Unificado de la Guardia Civil
DESTINO: Comités Regionales, Provinciales y Locales del SUGC
FECHA: 7 de Febrero de 1.989
ASUNTO: Elementos Golpistas en la Cúpula del Cuerpo

Documento do Sindicato Unificado da Guardia Civil

"Existia o temor de que os escasísimos militares irritados en extremo levasen a cabo un feito violento. O resto só tratou de preparar a reacción ante o suposto de que sacasen os tanques á rua. E, por último, dase o paso subtil, pero decisivo, de non agardar a que un sector reaccione con violéncia, senón adiantarse e provocala co fin de poder reconducir a situación resultante", asi analisa Calvo Sotelo o 23-F nunha entrevista concedida á revista *Tiempo*, na que tamén afirma que a **Operación Armada** para lograr un governo de concentración, "que até aprobaba Carrillo, era unha montaxe constitucional na que estaban todos de acordo menos os fieis a Adolfo Suárez".

Remataba a transición. Habia qué esquecer o **pasado**, a **guerra**, e todo o que esta significou. Quedaba proibida a memória colectiva en aras da *reconciliación*. O Rei aparecia como o *salvador* e a Monarquia era acatada pola maioria dos partidos, até o PCE. A enseña española quedaba santificada e a Constitución magnificada. Chegarian as leis de Defensa da Constitución, Antiterrorista, aparecerian os GAL para facerlle frente a ETA e os *mass media*, ensalzados como vixiantes da democrácia, aceitaban porse a mordaza "en aras dos intereses nacionais". A denúncia, de calquer caste, desaparecia das suas páxinas. Cando quixeron darse conta estaba institucionalizada *a pillaria nacional*, os Juan Guerra e os Naseiro.

Nove anos despois só queda entre reixas, máis ben bambalinas, António Tejero. A TV condenouno e terá que agardar outro ano máis para poder sair.

Tamén as declaracións no xuízo condenaron a Miláns del Bosch moito máis que os tanques polas ruas e o *bando* que, a maioria dos meios se apresturon a difundir para *defensa da Constitución*.

Hoxe, Jaime Miláns, excarcerado ao cumprir un tércio da sua pena, segue sen aceitar a Constitución, empeñouse en non pedir o indulto e loitou para ser o último en sair. Pero Miláns era amigo do Rei e, pensaba, que estaba respaldado por el, polo que ao único que hai que recordar é a un bigotudo tricórnio preso do delírio *salva-pátrias*. Un episódio *anedótico* nunha história, a de España, escrita coa ponta do sabre.

Mentres os golpistas ian abandonando as cadeas-retiro, con inusitada celeridade, as celas dos penais e dos psiquiátricos vanse enchendo máis apuradamente ainda con Gardas Civis que defenden a Constitución e peden os máis elementais direitos democráticos.

Sete golpistas na cúpula da Garda Civil

Segundo a nota informativa interna 22/89 do Comité Federal do Sindicato Unificado da Garda Civil, o Secretário do Interior, Carlos Sanjuan, informáballe o 20 de Decembro de 1982 ao Ministro José Barrionuevo, de sete xefes da Garda Civil que ocupaban cargos importantes no *Corpo*.

Estes supostos xefes golpistas serian o Tenente Coronel Rafael Garabito Gómez, de 49 anos de idade, destinado na Secretaria Particular de Luís Roldán, director Xeral da Garda Civil.

Este xefe, segundo o informe "participou nas reunións prévias ao 23-F cos demais golpistas. O dia do asalto ao Congreso e antes que os compañeiros destinados no Parque subisen aos autocares, Garabito estivo reunido con Tejero dando os últimos toques para o triunfo final do golpe de Estado".

Outro dos golpistas seria o Tenente Coronel José Garrido Tudo, de 52 anos, Primeiro Xefe da Comandáncia de Toledo. Este, ao igual que o anterior, cita o informe, estivo en todas as reunións prévias ao 23-F cos golpistas. Ao mando dun comando tiña a misión de ocupar postos no Palácio de Telecomunicacións, pero o medo fíxolle desistir.

O Tenente Coronel Francisco Javier Jiménez Nayas, de 52 anos, destinado no Servicio de Estatística da Dirección Xeral, tiña a misión de entrar no Congreso con Tejero. Pero non chegou ao estar destinado como Segundo Xefe da Comandáncia de Vitoria. Home próximo ao ex-Capitán Muñecas, manifestou publicamente que de ter chegado pontualmente ao congreso, teria ordenado o fusilamento de, polo menos, 10 deputados. Era o depositário das listas de *elementos a eliminar* en todo o Estado.

O Comandante Francisco León León, de 46 anos, destinado en Área de Asuntos Legais da Dirección Xeral. Estivo implicado no 23-F e cando se ia producir o segundo intento, o 27-O, tiña como misión a toma do Canal de Isabel II, en Madrid. Este garda tivo unha *interesante* participación no **Caso Almería**. En unión do coñecido soprón Julián Hernández del Barco, "Arturo", tamén Tenente do Corpo, levaron a Almería as pistolas que, con anterioridade, lle decomisaran a uns xitanos na bairrada madrileña de Pozo del Huevo. Logo, esas armas, segundo a versión oficial, encontrábanse no Ford Fiesta que tiñan os tres traballadores asasinados en Almería.

Tamén o Comandante Francisco Morales Utrabo, destinado na Académia Especial de Aranjuez, participou no 23-F, como Capitán ao mando do Servicio de Información da Agrupación de Tráfico de Madrid. Ademais de estar presente nas reunións prévias, o mesmo 23-F ordenou aos subordinados que se aproximasen, á mesma hora que Tejero, á entrada do Congreso de Deputados, para servir de cobertura ante un perigo imediato, ameazando aos gardas con dous meses de calabozo se se negaban a secundar o plan.

Generoso Pedraz Espinosa está destinado co cargo de Comandante como Axudante do Xeneral Xefe da Agrupación de Tráfico. O dia do golpe de estado encontrábase no CAE (Escorial). Participou nas reunións prévias e noutra con Tejero e o Comandante Sesma. Nesta reunión Tejero propúxolle a Sesma que fosen os membros do CAE os que tomasen o Congreso, ao que Sesma negouse. Generoso Pedraz acudiu ao Congreso e ainda que simulou estar ali para sufocar a rebelión, a sua verdadeira misión era a de enlace co Capitán Sánchez-Valiente.

Destinado no Gabinete do Ministério do Interior está agora o Comandante Félix Hernando Martín, que o 23-F mandaba o GOSSI (Grupo Operativo de Misións Especiais). Despois de participar nas reunións prévias a sua misión era a de controlar ao Tenente Coronel Pedro Catalán Jiménez e en caso necesário "facelo desistir". Pasou totalmente desapercebido e o seu testemuño axudou ao Comandante golpista Pérez de Lastra cando o Consello de Guerra.

Algunhas destas persoas teñen, agora, responsabilidades directas na represión do intento democratizador da Garda Civil e, como afirmaba un dirixente do SUGC "é lóxico que pasen a Constitución por onde lles pareza pois sempre estiveron empeñados en botala abaixo. □

ESTRATÉXIAS DO NACIONALISMO

O PSG-EG apresenta o seu proxecto de converxéncia cara ás eleicións municipais

■ M.V.

Un proxecto de converxéncia da esquerda e o nacionalismo, dirixido fundamentalmente ao BNG, pero tamén a EU e outros sectores independentes, cara as vindeiras eleicións municipais, foi aprobado polos membros representativos do PSG-EG na Conferéncia Nacional celebrada o pasado dia 30 en Santiago. Con todo, no proxecto deséñase, segundo Camilo Nogueira, unha estratéxia que trascende os comícios locais.

DELMI ÁLVAREZ

Algo máis de douscentos representantes nos diferentes organismos de dirección do PSG-EG, segundo fontes do próprio partido, asistiron á aprobación do *proxecto de converxéncia da esquerda e o nacionalismo*. Foron estudadas ademais duas ponéncias de carácter interno, unha sobre as eleicións municipais e outra sobre a temática sindical.

Por último, deuse a coñecer un manifesto, dirixido "aos homes e mulleres de esquerda e nacionalistas", no que se sinala que "a formación política coa que desexamos enfrontar as novas demandas e retos políticos e sociais, ainda está por facerse mediante a confluéncia de todos os homes e mulleres, que asumindo os presupostos da esquerda e o nacionalismo democrático, aspiren a facer realidade a liberdade e a felicidade neste anaco de humanidade que chamamos Galiza e no mundo enteiro".

Apoios de persoalidades

Ao remate da xornada interviron diversas persoas, "escollidas pola sua experiéncia en diversas plataformas unitárias e que apoian este proxecto de converxéncia".

Dirixiron a palabra aos presentes o historiador Xusto Beramendi, como membro do *Foro Nacionalista*; o xornalista Luis Alvárez Pousa, tamén membro do mencionado *Foro*; González Amadiós, ex-diputado socialista; Vitor Ferreira, ex-concellal socialista de Santiago, asi como membros doutros colectivos.

Unha nova linguaxe

No principal documento sobre o proxecto de converxéncia, o PSG-EG sinala a necesidade de atopar "unha nova linguaxe", que "recoñeza a democrácia representativa" e que "supere os antagonismos de princípios de século".

Tras realizar unha descripción somera do panorama político galego o documento céntrase, no proxecto de converxéncia, sinalando que as diferéncias entre o PSG-EG e o BNG son froito da "inércia histórica". Os cámbios no Leste eliminarian o último obstáculo existente sobre a idea de Europa entre as duas organizacións.

O PSG-EG sinala tamén a necesidade de que "EU conflua co nacionalismo, comprendendo que a única perspectiva de esquerda transformadora posíbel en Galiza seria a da esquerda nacionalista". □

NEN UNHA SÓ MENCIÓN Á CEE

M. VEIGA

Chama espectacularmente a atención que no *Manifesto* apresentado na Conferéncia Nacional do PSG-EG, coa intención de que sexa apoiado por "todos os homes e mulleres de esquerda", como de feito o foi por várias persoalidades políticas e sociais asistentes á Conferéncia, non se mencione nen unha só vez, ao longo das suas máis de sete páxinas, a Comunidade Económica Europea.

Outro tanto sucede case co documento no que se descrebe o *proxecto de converxéncia*. As alusións á CEE son aqui marxinais, se ben, ao igoal que no documento anterior, realízase unha análise polo miudo da Europa do Leste, do contexto internacional, da nova esquerda, etc.

A auséncia resulta notória se de elaborar unha estratéxia para Galiza se trata, máxime cando todos os demais grupos nacionalistas, de partidos a sindicatos, e mesmo alguns sectores conservadores, profisionais e o próprio presidente da Xunta, están a recoñecer á CEE como o eixo que define a política galega neste momento.

Ao chamamento do PSG-EG sóbranlle palabras sobre a democrácia ("por unha democrácia en sério" definense, nunha perigosa mostra de seca intelectual), sobre a participación, a liberdade, a xustícia, a solidaridade e mesmo a felicidade. O PSG-EG escorrega cara a declaración abstracta e, por outra parte, óbvia. Ou hai alguén que se defina contrário a acadar unhas maiores doses de democrácia, en contra da participación ou da xustícia social?

Fáltalle, en cámbio, mencionar as perspectivas da flota pesqueira, o modelo forestal, a viabilidade das pequenas explotacións agrárias... Eses son os obxectivos que preocupan e que poden unir hoxe aos galegos. □

Vigo, cidade piloto na estratéxia de unidade

Mellorar as relacións entre toda a esquerda e relanzar a organización social son os dous obxetivos principais expostos polo PSG-EG en Vigo, cidade que está a servir de banco de probas para a unidade. As conversas que neste sentido están a realizar representantes desta formación nacionalista, de Esquerda Unida, escindidos do PT de Carrillo e independentes contemplan a posibilidade de realización dunha candidatura conxunta á alcaldia viguesa. Con todo, parecen moitos os obstáculos ainda a superar

Xesús Costas, figura máis representativa do PSG-EG nesta cidade, plantéxase como obxectivo inmediato "a unidade de acción na esquerda" e recoñece que as relacións con Esquerda Unida, Agrupación Cívica (onde se agrupan os ex-PT, disconformes coa política do resto do partido de aliarse co PSOE) e independentes están a ser máis fluidas que co BNG, "que tamén foi convidado ás reunións, pero respostou negativamente, mostrando unha actitude ultrasectária que demostra que o cámbio no Bloque non era real".

Costas sinala o obxectivo de criar un terceiro polo, capaz de roubarlle votos ao PSOE. "Unha candidatura conxunta é imprescindíbel. O resto non dá para máis que para o que xa fixemos nós", en referéncia á política levada a cabo polos cinco concelleiros con que conta actualmente o PSG-EG en Vigo.

Costas matiza que "unha oposición como a nosa, de realizar traballo e oferecer alternativas, precisa dun ambiente de respeto ás reglas do xogo democrático e á legalidade. Isto non se está a producir pois o que hai realmente é unha absoluta corrupción".

"Por outra parte, manifesta o dirixente local do PSG-EG, nós non imos facer demagóxia, nen populismo, como parece que lle resulta rendábel a outros".

Segundo Costas, a posibilidade de apresentar unha candidatura conxunta da esquerda ás vindeiras eleicións municipais, deberá ser aprobada a nivel nacional polo partido", se ben recoñece que pode ser contemplada a posibilidade de que "haxa candidaturas diferentes, segundo as circunstáncias de cada localidade".

Importantes problemas para a materialización da candidatura

Xesus Costas recoñece que o avance das conversas entre "a esquerda da cidade" conta con vários problemas de envergadura. O primeiro deles é o feito de que "nós só chegaremos a acordos con EU se esta rompe os lazos coa organización estatal". O concelleiro do PSG-EG sinala que, neste sentido, as posibilidades de que isto se produza antes das eleicións municipais son escasas.

Por outra parte as relacións con todos os sectores da esquerda estatal (EU, Agrupación Cívica, etc.) entrarán pronto nunha etapa de enfriamento ao aproximarse a celebración das eleicións sindicais, onde o sindicato CCOO, que apoian estes sectores, terá que competir, a lume de carozo, coa CIG, candidatura nacionalista que apoian, entre outros, o PSG-EG.

Por outra parte as relacións co BNG non parecen as máis apropriadas para formar unha candidatura. Costas anúncia a intención de "continuar insistindo no acordo, pésie a que estamos fartos de sectarismo e de actitudes maniobreiras, só comparábeis coas que utiliza o PSOE". □

■ **Mitin do BNG en Pontevedra**. Máis de mil persoas participaron nun mitin convocado polo BNG o 28 de Xuño na Praza do Teucro de Pontevedra. Era o primeiro acto público dunha campaña emprendida pola frente nacionalistas para lograr a renegociación do tratado de adesión coa CEE, empresa na que quer implicar ás demais forzas nacionalistas nunha unidade de acción que pode chegar á confluéncia orgánica.

Estas ideas foron as que estiveron presentes na intervencións dos oradores Pilar García Negro, Francisco Trigo e X. M. Beiras.

Os dous primeiros explicaron os efeitos perxudiciais do Mercado Comun na nosa economia e na nosa sociedade, mesmo con risco de desaparecer como algo diferenciado.

X. M. Beiras explicou, polo miúdo, o "Proxecto Comun". Entre as suas frases hai que salientar a afirmación de que "hoxe por hoxe, os parlamentários de CG están facendo unha política nacionalista".

Despois de explicar a necesidade da unidade referiuse ao BNG como un proxecto unitário "per se", no que conviven diversas tendéncias "desde marxistas-leninistas, marxistas-socialistas, socialdemócratas, até católicos e xentes de direitas". A necesária unidade, tense que dar, para o BNG, tendo en conta o pluralismo político, pois o abano nacionalista galego é plural.

Beiras afirmou que o BNG non estaba pechado a nengunha confluéncia, nen sequer orgánica en base aos anteriores presupostos, pero que, referíndose ao PSG-EG, ainda que sen citalo, "é necesário loitar conxuntamente, asi veremos se é certo ou non que temos o mesmo proxecto, que defendemos as mesmas cousas". □

■ **Autodeterminación como lema do Dia da Pátria**. Asamblea do Povo Unido (APU), Frente Popular Galega (APU), Liga Comunista Revolucionária (LCR), Partido Comunista de España (M-L) e partido Comunista do Povo Galego (PCPG) tomaron o acordo de celebrar unha manifestación conxunta do Dia da Pátria, baixo o lema de *Autodeterminación*, chamando á participación unitária de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, convidándoos a dar unha resposta conxunta frente as agresións, "pois non é o millor momento", afirman no manifesto, "para a prepoténcia e o exclusivismo". □

■ **Nova acción do EGPGC**. Con duas explosións nas localidades de Ferrol e Cerceda o Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive, voltou a dar mostras da sua actividade, despois de atentar duas semanas antes contra unhas torretas eléctricas e un repetidor, cando levaba xa tempo sen dar mostras de actividade.

Agora Garcia Sabell afirma que el nunca dixo que estaba desmantaledo e que se vai emprender unha acción para erradicalo. En certos círculos coméntase que non todos os gardas que viñeron de fora se van adicar a perseguir aos incendiários. □

PROBAS DE SELECTIVIDADE

■ MICKI BERTOJO

O grande alboroto producido tras a polémica entrevista do responsábel da UTEG-INTG, Enrique Tello, co vicerreitor de Ordenación Académica da Universidade de Santiago, Manuel López Rivadulla, pon de manifesto tensións e intereses contrapostos nun tema tan relevante na vida social como é a educación e a vixéncia e idoneidade do xeito de aceso a universidade: a selectividade. O papel un tanto polémico e, ás veces, sospeitosamente protagonista de certos meios de comunicación quedaria patente nesta semana chea de sobresaltos para os máis de 10.000 alunos de COU presentes nestas probas. Esta é a crónica dos feitos que o mesmo Enrique Tello introduce.

Enrique Tello reclama que se chame a declarar a directores, profesores e alumnos de selectividade

A UTEG aportará probas do fraude na selectividade se se cria unha comisión investigadora

"Facendo cronoloxia, o feito é que a UTEG non foi, en absoluto, a primeira en inteirarse desta situación, senón todo o contrário. Cando nos chegou a nova, pódoche dicer que era un asunto xa de domínio público. O Martes pasado —dia 19 de Xuño— recebemos a chamada dun periodista, perguntándonos se sabíamos algo dunha filtración nos exámenes de selectividade, nós dixemos que non; de feito, non sabíamos nada. A cuestión é que xa habia un periodista metido neste asunto. O Mércores, directores da Coruña coméntanme que é posíbel que houbese filtración nesta convocatória, cousa que poñen en coñecimento da Dirección Xeral de Universidades da Xunta de Galiza —o Venres, dia 23—, e non houbo resposta".

O contraste cas notícias difundidas é moi evidente: "A UTEG, intéirase disto o Xoves, despois dos directores e vocais. Os mesmos vocais presentes na Escola de Náutica da Coruña puderon constatar non só rumores, senón as manifestacións de alegria e os aplausos cando sairon os exames. Ante iso, e ante comentarios que escoitaban como *este foi o que nos pasaron*, poñen o asunto en coñecimento do Presidente do Tribunal. Este señor dixo que investigaria. Tampouco se recebeu resposta algunha. Nós sacamos a notícia, cando comezamos a receber denúncias de profesores e dalgun director. Nesa notícia nós apontamos que hai indicios de irregularidade, a nosa surpresa é a dimensión enorme que acada o asunto, moi superior á que nos poderiamos sospeitar".



Enrique Tello, responsábel da UTEG-INTG — A NOSA TERRA

O coordenador recoñece que é posibel a filtración

"A xente empézase a preocupar —aponta E. Tello—, o reitorado non nos chama, ainda que di que non aportamos nengunha clase de probas. Imos ao reitorado de *motu proprio*, mais penso que iso foi o noso grande erro: o Reitorado utiliza agora as nosas declaracións —feitas a título privado— para lanzalo en contra nosa. O primeiro que temos que dicer entón, é cal foi a conversa que tivemos co reitor e en que termos, e como o Vicerreitor de Ordenación Académieca, Sr. Rivadulla, terxiversa as nosas palabras dicendo que non temos probas. Ali mesmo, o Sr. Del Río, Coordenador do proceso de selectividade, recoñece que até el chegaron os mesmos rumores, mais non lle deu importáncia. Eles recoñecen entón que algo habia e ademais relativo a outros centros dos que nós non tiñamos sequer coñecimento. Él di que revisou as probas destes centros e mantén que non hai probas que demostren nada. De todos os xeitos, recoñece que —ainda que el non o considera probábel— materialmente a filtración era posíbel debido ás etapas diferentes do proceso: hai un señor que fai o exame, outro que o traduce, outro que o imprime..., cabe entón as filtracións".

Para o responsábel da UTEG a solución poderia ser ben sinxela se houber vontade real de clarexamento da situación. "Probas? É ben fácil: que se chame aos directores dos coléxios públicos que estiveron ali, aos vocais e mesmo aos alunos presentes de centros privados. Nós aportamos elementos onde recabar información, e o que seria unha proba definitiva: que se chame aos corrector dos exames. Non queremos utilizar probas ás que se poda tildar de fraudulentas, pero a nós chegaron comentários do ben que estaban certos exames e da tremenda similitude entre eles. Calquer docente que teña un pouco de experiéncia, detecta de imediato se un exame foi copiado ou non. Se ti lle dis a un aluno que estude algo porque vai entrar no exame, el traballa a conciéncia niso, senón non: ben pode estruturalo á sua maneira, mais non como ti lle digas. En concreto o exame de filosofia, seun 3% do alunado resposta correctamente á 3ª pregunta desta convocatória, eu planteome ou que son lumbreiras ou algo raro pasou; si é un 100% o que resposta con correción, eu poño a man no lume e digo que a pergunta foi filtrada".

Hume e Marx

"Empirismo de la Razón Teórica y Práctica" de Hume, non hai aluno de COU que poda respostar axeitadamente a esta pergunta —própria máis ben dunha tese doutoral ou dunha cátedra. Se un centro resposta correctamente a esta pergunta, hai duas posibilidades: a casualidade por unha banda, ou o recoñecimento dalgun dos profesores recoñece que estiveran a traballar co texto do exame, mais a pergunta concreta que menciono nada ten que ver co texto. Penso que son indícios máis que suficientes como para iniciar unha investigación séria. O que non vamos facer é dar nomes e apelidos de xeito gratuíto, isto é o que pretendian eles que fixésemos. Cando denúncias algo, quen quer que fose o responsábel, sempre é presunto, presunto implicado, presunto asasino, etc., o xuiz ou a comisión investigadora determinará oportunamente a sua implicación ou culpabilidade".

"A Universidade o que fixo foi empregar isto contra nós. Queremos probas, din eles. Ben, cando abran unha comisión investigadora nós poñeremos as probas diante deles. Para o Venres dia 29, estaban convocados —segundo eles— todos os vocais dos centros para a recollida de notas e para ter un careo a efeitos deste asunto. Podo dicer que o vocal do meu centro, o Instituto de Elviña, non foi consultado para nada. A quen temos que acusar é a *La Voz de Galicia*, a cal recoñece que tivo aceso ás actas de Filosofía dos posíbeis centros implicados e nós non. A UTEG o que pede, entón, é ter aceso aos exames. Hai indícios sérios, graves para facer unha investigación. É moi sospeitoso que os alunos do Colexio Sta. María del Mar estivesen a traballar non só con Marx e Hume —os autores que precisamente entraron no exames—, senón co texto en cuestión dias antes da convocatória".

Demasiadas coincidencias

"Haberia que constatar —non sei se isto é certo—, se, como se di, os exercícios teñen até citas bibliográficas. Unha comisión a propósito teria que verificar este rumor, xa que se é certo seria algo inaudito non só a nível galego, senón a nível de todo o estado. Ou como noutro caso, onde a média dos exames de debuxo era de sobresainte. Eles —o reitorado— poden dicer que o exame lles pudo resultar doado, mais se asi fose, sería doado para todos sen excepción. Mais isto non parece ter importáncia algunha para eles! Nós temos referéncia dunha chea de conversas e confidéncias, hai medidas máis obxectivas, por exemplo se Marx e Hume eran tan importantes, coñecer se foron dados durante o curso ou "casualmente" ao final, e que durante o curso o profesor da asignatura afirmou que Hume era un autor secundário e que non o ia explicar detidamente. Son comentários que están aí".

A realidade da posíbel filtración vai máis aló dos centros privados, asi o referiu E. Tello nesta longa entrevista con este correspondente. "No meu claustro, un profesor afirmou que a filtración non só se limitaba a estes centros, incluso no meu habia certos indícios, mais este home non faria declaracións gratuítas a menos de que fose diante dunha comisión encarregada dunha posíbel investigación. E esta é a última declaración que facemos aos meios. Non queremos entrar, nen moito menos, nunha guerra de desmentidos ou chegar a extremos de histéria como dicer que isto é unha campaña da UTEG en contra dos centros privados. Máis grave é este párrafo de "La Voz de Galicia", no que di textualmente: "Un envalentonamiento tras la elección de Villares como rector de la Universidad de Santiago", cando eles mesmos recollen que un redactor do periódico escoitou como alunos distes centros afirmaban que sabian o que lles ia cair, "ainda que era unha circunstancia comun nestas convocatórias".

O responsábel da UTEG-INTG seria tallante nas suas aclaracións, considera fóra de lugar moitas das manifestacións de Santiago López-Rivadulla. "O Vicerreitor considera que somos imprudentes, eu penso que en todo caso irresponsábeis, ainda que é sua opinión. O que non admito é que poña na miña boca cousas que eu non dixen, e tampouco que non fagan nada ao respeito cando hai indícios máis que sobrados como para facer algo ao respeito. Eu entendo que hai xente que ten medo falar, xa que non ten garantias de que non se van tomar represálias contra eles. A cuestión está clara, sábennos os alumnos, os profesores, os vocais, os periodistas..."

A dúbida segue no ar. Para Enrique Tello a conclusión a esta incómoda situación é ben sinxela: "Se o rumor está tan estendido e através de fontes tan distintas, digo eu: que cabe pensar? Por que non respostaron ás denúncias feitas ali mesmo no tribunal? Por que a Consellaria non respostou ao escrito que apresentámos? Isto é o que hai, e que a sociedade se poda defender, através dos meios de difusión ou do que sexa. A solución: constituir a comisión que propuxemos, citando a todas aquelas persoas que pudesen aportar algo ao esclarecimento dos feitos. Que non hai probas suficientes? Aceitaríamos o veredito, mais se non se convoca, nós seguiremos arrogándonos o benefício da dúbida, o previléxio do céptico, que diría o próprio Hume". □

ORDENACIÓN FORESTAL

Entre os políticos asistentes un deputado do PP

Segunda manifestación contra os eucaliptos de *Celbi*

■ XOSÉ R. CASTRO/O CARBALLIÑO

Perto de mil persoas acudiron o pasado Domingo, á marcha anti-eucalipto convocada pola "Plataforma pola explotación racional do monte" desde o alto do Paraño até Soutelo de Montes.

A marcha, que comezou ás once e média da mañá, contou coa presenza de vários líderes do nacionalismo galego como Alfredo Suárez (BNG), Camilo Nogueira, Xan L. Facal (PSG-EG) e Mariano Abalo (FPG), atopando-se tamen presente o deputado popular no parlamento español e membro da Plataforma Manuel Prado.

A longa camiñata de máis de dez quilómetros non tivo nengun incidente digno de mención, agás a parada da marcha á altura da gasolinera da localidade do Regueiro, cuxo proprietário sinala a Plataforma como un dos declarados intermediários; tamén houbo outro conato á entrada de Soutelo cando catro *ecoloxistas*, empezaron a proferir berros contra a marcha, acusándoa de estar manipulada politicamente, estas persoas pretenzian ao grupo noiés "Xenn".

Sobre as duas da tarde chegouse á carballeira de Soutelo, onde comezaron as intervencións. O primeiro foi un representante do concello de Forcarei, que fixo un agradecimento aos concentrados, a continuación o alcalde de Beariz, Manuel Prado, destacou a posíbel relación entre os incéndios do pasado verán e os contratos de *Celbi*, animando a todos os alcaldes da zona a que se opoñan ao intento de monocultivo. Ramón Varela, presidente de Adega, destacou a loita

A NOSA TERRA

dos labregos contra os piñeiros hai cuarenta anos, e puxo de manifesto que agora de novo se loitaba esta vez contra o eucalipto, tamén fixo mención á iniciativa que non foi aprobada e ás poucas espécies autóctonas que teñen os montes galegos. Nas intervencións das forzas políticas, o primeiro en falar foi Mariano Abalo, quen destacou que para solucionar os problemas "fai falta un governo daqui e non de Madrid, con títeres como Fraga". Alfredo Suárez en representación do BNG, fixo mención á "loita popular" contra a eucaliptización, ao tempo que fixo un chamamento para defender a capacidade produtiva do país "porque asi asegúrase o futuro dos nosos fillos".

O comunicado oficial da Plataforma foi encomendado a Manolo Rivas, quen antes de darlle leitura, mencionou os comunicados de apoio recibidos por parte de *Galiza Nova* e *Greenpeace*. O comunicado iniciábase afirmando que "coa plantación masiva de eucaliptos preténdese ter unha barata matéria prima co fin de abastecer a indústria celulósica que está a utilizar procedimentos altamente contaminantes", sinalando que "isto é un mal negócio", tanto para os proprietários dos montes, as comunidades viciñais e os labregos "que se deixen levar por este xogo enganoso". Tamén é un mal negócio para Galiza que se "rende ao engano tan pouco sedutor".

Máis adiante afírmase que "ninguén que teña os ollos abertos, e o corazón e cabeza no seu sítio, ninguén que teña responsabilidade pode permanecer impasíbel ante esta dinámica disparatada"; tamén se fai mención a ese colectivo que pensa facer un "bon negócio", para quen isto "só é un território en aluguer, unha provincia hipotecada".

En canto ás pretensións da marcha, "é unha chamada á nación para que desafie con orgullo, imaxinación e intelixéncia, tan cativo e enganoso horizonte; sendo tamén un chamamento aos poderes, en especial o parlamento e governo autónomo, para que se "honren" no servizo á terra, sendo ese mellor servizo evitar o seu estrago, preservar e fomentar arboredas autóctonas e as espécies frondosas". O comunicado oficial, tamén aboga pola elaboración dunha lei de política forestal, para o que se deberia ter en conta "o rico caudal apontado pola *Iniciativa Popular*, "que irresponsabelmente foi tirada ao cesto dos papeis", cobrindo tamén as insuficiéncias da lei dos montes viciñais en man comun. En canto isto non suceda, o máis sensato é paralizar as plantacións de eucaliptos.

No seu tramo final, o comunicado amosa a seguridade de que os montes serán moitos máis rendábeis cunha explotación racional que cun incontrolado monocultivo, proclamando aos "catro ventos" que "a nosa aposta é de futuro, e se temos nostálxia, é sobretodo nostálxia dun futuro mellor", "pois ben, asi de sinxelo e magnífico é o noso anceio de futuro", remataba o escrito. Despois do xantar popular, houbo diversas actuacións, entre elas a do popular humorista Farruco e un grupo de gaiteiros, estendéndose a festa, até ben caída a tarde. □

MEDALLAS E MEMÓRIA HISTÓRICA

Manifestación de protesta nacionalista na entrega das medallas

Fraga recusa alterado as críticas ás *Medallas Castelao*

A invocación dun nome inequívocamente nacionalista para premiar alguns activos perseguidores da causa nacional, foi protestada ás portas de San Caetano con ocasión da entrega das *Medallas Castelao 1990*. Estas críticas dirixianse á Xunta por ter escollido como persoas de mérito polo seu servício ao país, aos franquistas Luis Moure e Felipe Fernández *Augusto Assia*.

O presidente da Xunta centraria o seu discurso de entrega non tanto no perfil dos premiados como no significado da pancarta que un grupo de representantes do BNG expuxo á entrada do acto, coa lenda *Castelao, manipulan o teu nome en vao*. O presidente reclamou visibelmente alterado a sobreposición dunha síntese institucional, por el mesmo arbitrada, para recusar as opinións que criticaban a extemporaneidade dos prémios. "Non lle interesa á Galicia saber onde estivemos en 1931, en 1936 ou en calquera outra data, senón onde queremos poñela no ano 2000" , dixo o presidente da Xunta.

No nome dos premiados, o catedrático de ciruxía Xosé Luis Puente fixo unha chamada unitária na liña do discurso presidencial e Álvaro Campos, en representación do Centro Galego de Bos Aires destacó como dia de glória o da recepción da Medalla de Ouro da Galiza.

O acto de entrega das medallas, que fora concebido como aberto e participativo cando se instituira o prémio, contou somentes coa asistencia de membros da administración autonómica e familiares dos galardonados que accederon ao local con invitacións numeradas, despois de cruzaren unha barreira de vixiantes armados da policia e dunha empresa privada de seguridade. □

PRIVATIZACIÓNS

ANXO IGLESIAS

Contra a privatización da auga. Unhas catro mil persoas participaron na ampla mobilización cidadán celebrada en Vigo o pasado 28 de Xuño contra o proxecto do concello de privatizar o servício de augas, até agora administrado pola empresa municipal *Emavisa*. O concello de Vigo, rexido polos socialistas, ven privatizando desde hai anos a maioria dos servícios, como xa o fixo cos de limpeza, xardins, gruas, estacionamentos ORA, etc... □

■ **O alcalde de Boiro anúncia a sua intención de integrarse no B.N.G.** Xosé Del Rio Dieste alcalde do Concello de Boiro saído dunha moción de censura, anunciou esta semana a sua intención de concorrer nas próximas eleicións municipais baixo as siglas do Bloque Nacionalista Galego, segundo informa **X.M. Santiago**.

As conversas do BNG con Del Rio eran obxecto de comentários públicos desde hai vários meses, e incluso provocaron vários e ágrios desmentidos na prensa por parte de Del Rio e algun dos seus compañeiros da equipa de governo municipal.

O caso provocou tamen a autodisolución da Asemblea local do BNG de Boiro comandada por Antón Vidal, para "mellor axudar a entrada destas persoas e non promover obstáculos", o que deu lugar a comentários de diverxéncias contra Del Rio no seo do Bloque local, diverxéncias que foron tallantemente desmentidas por persoeiros do Consello Comarcal da organización.

A entrada de Xosé Del Rio Dieste, xunto con tres concelleiros da sua equipa volta trocar o panorama político da comarca, xa que o BNG consegue tomar a Alcaldía nunha vila clave hoxe por hoxe no entramado da Arousa Norde. □

■ **Manifestación contra a *fábrica do cheiro* en Riveira** O de CONRESA xa ven de longo tempo, as protestas da populosa bairrada de Bandadorrio contra a fábrica que os aruma desde hai mais de 30 anos. Agora o tema xurdiu de novo diante das graves acusacións que nun pleno do Concello fixera o edil socialista e Presidente da Agrupación de Mariscadores Xosé Sampedro Dios, que acusou á empresa de usar carne procedente de vacuno para facer as fariñas de peixe; diante disto Conresa puxo unha demanda no xulgado contra o edil e pédelle unha indenización de 100 millóns de pesetas.

A Confraria convoca apresuradamente unha manifestación contra os vertidos na Ria a que se suman partidos políticos, organizacións cidadás e mariscadores dunha e outra banda da Ria. Habia pancartas de Vilanova e da Illa de Arousa e estaba presente o Patrón Maior da Confraria de Cabo de Cruz. □

■ **Peche de mestres en Malpica.** Máis de 20 mestres, con apoio de pais, están pechados en Malpica, para reclamar solución ao seu traslado forzoso de 15 compañeiros con perda dos pontuación.

Os sindicatos apoian esta reivindicación instando á Xunta a dialogar nesta semana.

O traslado prodúcese ao concentrar as escolas, polo que os mestres vense obligados a deixar a praza que tiñan en propiedade, pero ainda que non tiñen responsabilidade no abandono do destino, a Xunta pretende que perdan a pontuación adequerida, como se o traslado fose voluntário.

A loita destes mestres ten máis calado que o do caso pontual pois está inserta na loita contra o real decreto que derogou a lexislación anterior sen suplila, polo que afecta sobremaneira aos concusrsos de traslados e catalogación de prazas, facendo que Galiza perda unhas mil. □

Derrubémo-lo muro



AUTOVIAS PARA GALICIA

Galicia non pode quedar á marxe
dunha Europa unida e sen fronteiras.

As nosas comunicacións non poden depender
dunhas estradas vellas que non respondan
de ningún xeito ás necesidades
do tráfico internacional,
ás necesidades dun país moderno.

Dende a Consellería de Ordenación do Territorio
e Obras Públicas traballamos para poñer en marcha
un Plan de Autovías axeitado ó futuro,
para derruba-lo muro do atraso,
a incomunicación e o illamento.

Galicia tamén quere avanzar.

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Ordenación do Territorio
e Obras Públicas

DIA DA LIBERACIÓN GAI E LESBIANA, 28 DE XUÑO

ANXO IGLÉSIAS

HOMOSEXUAIS

J.A.M.

A Montse e Silvia, lesbianas

Aparentemente corren bos tempos para a homosexualidade. A lei vai admitindo a sua existéncia, inda que os vocábulso usados, *tolerância, permisión,* equivallan a un *de momento perdóasevos o gañote,* e, ¡ai!, que a língua acostuma a reflectir implicitamente o inconfesado.

O homosexual é un ser biologicamente inútil, e a natureza non soi aturar organismos infecundos. A *tolerância* co homófilo aflora en épocas de demografia estável ou en progresión. Mas chegaria con que un cataclismo un descenso alarmante da natalidade para que o homosexual fose outra volta servido á brasa en estéticas fogueiras públicas. Coa perpetuación da espécie non se joga.

Aparentemente corren bos tempos para a homosexualidade, o cual non quita para que continuen vivos gran número de tópicos.

Por exemplo: un varón ou unha muller non se senten sexualmente ameazados pola viciñanza dun ser hetrerosexual do sexo oposto (se a inquietude da muller dediante do varón é maior, isto débese a que desde nena lle falaron da insaciável voracidade sexual do macho. Ao segundo ano de casada a pobre comezará a verificar en carne própria, con horror e amargura, que tal insaciabilidade inventárona mamá, Don Juan e catro conas pruídas). Sen embargo varón ou muller séntense sexualmente *inquedos* pola rozadura dun congénere homosexual, pois subsiste a falsa créncia de que o invertido gosta de *todos* os homes e a lesbiana de *todas* as mulleres.

Collamos unha das escasas novelas galegas con protagonista homosexual. *A semellanza,* de Maria Xosé Queizán, apesar de que tal protagonista resulte un invertido sui generis a quen ao remate achamos transformado en muller e de amante dunha ¡lesbiana! (joder, Queizán, cómo nos castigas o corpo!), por tanto, mais que homo, seria un bi que acaba en trans.

O libro ábrese con cita de Castelao: "non vos riades que o conto é triste". Lagartolagarto. ¿Atoparémonos ante a tétrica história do pobriño pecador? E unha, malevolente, pergunta: se a protagonista for unha lesbiana, o conto seguiria sendo triste para a señora Queizán?

Deixando a un lado frases adoráveis que amolecen cualquer corazón sensível, como cando Maruxa di: "o voso... respétoo, pero non o dou entendido. Que non vos gusten as mulleres, que somos mais bonitas, mais suaves, mais doces. Chico, pudendo ter unha rapaza preciosa nos brazos..." (Do cual se deduz que toda muller de bon gusto deberia ser lesbiana). Ou esta afirmación conmovedora: todo home busca na muller á mai (De aí a célebre melodia *mámama mamá*). Surpresas, como cando o amante dun travestido lle solta a este que ¡só é meia muller! Algo asi como buscar un maneto para logo botarlle en cara que lle falta meio brazo. Ou teorias puramente alucinantes, como que o varón ao verse privado de privilégios en certos ambientes, (pola loita feminista) beneficiase o que pode noutros (abusando das rameiras).

Ancoramos en *A semellanza* (livro escrito con desenvoltura e amenidade, inda que o seu mundo homosexual o forme un concatenamento de clichés heterosexuais) por dous tópicos moi comuns, negativo e un positivo o outro, que nel aparecen. O negativo: a identificación homosexual=efeminado, e efeminado=ridículo. Case todos homosexuais que cruzan a obra son maricóns, e tanto nomes como conversas tratan de ridiculizalos. Asegúrase, incluso, dunha juntanza homosexual: "o resultado era ridículo, e tanto máis canto eran inconscientes da sua ridiculez". Non só son ridículos, senón que o *selecto ollo exterior* condóise de tan irresponsável ridiculez. Pero, ¿como se define o ridículo? ¿Consiste o ridículo en algo mais que no *desacostumado*? ¿Pareceria mais irrisório un hoplita no desembarque de Normandia ou Vázquez Portomeñe con pijama de flores no paso das Termópilas?

'A HOMOSEXUALIDADE NON LLE DÁ NEN LLE TIRA TALENTO A UNHA PERSOA PARA OUTROS LABORES, COMO NON LLO DÁ NEN LLO QUITA A HETEROSEXUALIDADESE BEN A PRIMEIRA PODE INDUCIR A *SENSIBILIDADE DO MARGINADO*'

A ridiculez do varón con vestimenta feminina fúndase nun prejulgamento machista ampla e groseiramente explorado polos cómicos.

O maricón representa un tanto por cento minoritario no grupo de homosexuais masculinos, inda que, por detectável, resulte o tanto por cento mais notório.

O tópico positivo é característico de certa literatura feminista, literatura na que encaixa *A semellanza* a julgar por algunhas teses que nela surgen coa mesma naturalidade con que os cravos surgian nas primeiras versións cinematográficas da criatura de Frankestejn (novela sedutora dunha muller pouco reivindicada, Mrs. Shelley).

O varón homosexual, ademais de menos bonito, menos suave e menos doce, ademais de ridículo, ten travas de comunicación, pois entre homófilos non se intercambian confidéncias (?!), de ei que sempre deba recorrer a unha muller (¿mamá?) como confidente. Isto, unido á loita contra natureza e sociedade, dá inevitabelmente un espírito trágico (e un conto triste). Pero, de súbito, asoma na novela a homosexual feminina. ¿Sofrerá os mesmos problemas que o seu homólogo masculino? Oh, non. Ela é viva, inquieta, lúcida, con simpatia desbordante e, claro, feminista (as lesbianas, lógico, son maioritariamente feministas, se ben hai unha póla de lesbianismo, duro e marginal, que destesta o feminismo, á que o cine lle soi conceder mais atención que a literatura).

Quen unicamente coñeza o lesbianismo (e eiqui abandoamos a obra de Queizán agradecéndolle a colaboración prestada), através da literatura dunha corrente do feminismo (en realidade dunha especie de nacionalfeminismo onde o inimigo judeu é substituido polo varón en geral) escrita por *sáficas ideológicas,* chegará á conclusión de que a relación dunha parella lésbica é algo asi como éden, o sétimo ceu, un sen fin de harmonia, ternura, brillantez, liberdade, gozo, independéncia, inteligéncia, autosuficiéncia, ternura, música de cítaras e atmósferas Hamilton. Nos casos mais extremos (enténdase puramente paranoicos) insinúase que tal exultación nasce da auséncia do macho, tan bruto o pobre, porque, paradoxalmente, encol destas lesbianas literárias planea obsesiva a sombra do macho. Unha lesbiana jamais *necesitou* ao macho, asi que dificilmente a sua felicidade se pode alicerzar, para ben ou para mal, na auséncia daquel.

Desbotando tópicos, positivos e negativos, débese dicir que apenas existe diferéncia entre a relación das parellas de homosexuais, masculinas ou femininas, e a das parellas heterosexuais, tanto en conflitos de convivéncia como en duración (se ben intereses sociais poden manter falsamente unida a unha parella heterosexual por mais tempo). Incluso algún estudo ven demostrar que nen sequer na violéncia dentro da parella hai diferéncias sobresalentes entre homo e heterosexuais.

Débese dicir que unha parella, por ser homosexual, non vai ter un idílio nen mais maravilloso nen mais desgraciado (especialmente se non se exerce presión social contra ela). Que a homosexualidade nen lle dá nen lle tira talento a unha persoa para outros labores, como non llo dá nen llo quita a heterosexualidade, sen ben a primeira pode inducir a *sensibilidade do marginado*. Que nen a inteligéncia, nen a simpatia, nen a bondade proveñen dunha inclinación sexual determinada, inda que un acosamento social desatinado poda malogralas.

Aparentemente corren bos tempos para a homosexualidade. Inda que quizá os homosexuais, en lugar de festejar unha vez o ano o dia do orgullo gai, preferisen celebrar, como os heterosexuais, trescentos sesenta e cinco dias ao ano de cuotidianidade. □

O MELLOR DOS MUNDOS

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis
Felipe González

A compañia de seguros *Plus Ultra* asegurou ao **Príncipe Felipe** en 170 millóns de pesetas, cantidade menor que a que serviu para valorar as pernas de Maradona ou as tetas de Sabrina.

A **Maria Xosé Porteiro**, delegada de Cultura no Concello de Vigo, ao tempo que diputada socialista, ocorreúuselle apresentar á prensa o programa de festas de verán mediante un xantar no restaurante *Sibaris*, onde o plato ven saindo polos dez mil maravedies. Claro que ao mellor ao concello fanlle un *précio*, por aquelo de que Soto é cliente habitual, como o governador Xurxo Parada e o *teniente boquillas*.

Telefónica, que en ocasións excédese á hora de cobrar os seus recibos, estableceu nalguns lugares un eficaz sistema de reclamacións. Por exemplo, en Pontevedra, os usuários receben un número e logo son enviados a unha sala de espera e ali permanecen ate que cansan e optan por marchar.

O **maxistrado** do xulgado do Penal, número 2, de Vigo, seguro que senta xurisprudéncia da boa. Resulta que a empresa *Vapores de Pasaje* insertou un anúncio en vários periódicos sinalando que "Vapores non ten nada que ver cos que detentan en precário o local existente ao pe do peirao das Cies, recomendando denúncien os abusos de que sexan víctimas (contas excesivas, suciedade exterior, interior e en cociñas, má atención, aseos inutilizábeis, etc.)". O proprietário do local, loxicamente, denunciou os feitos, pero o xuiz considerou que non quedara probado que tales recomendacións conlevaran "descrédito para a actividade empresarial" ou supuxeran "perda ou disminución da clientela".

Maria é de Ribadávia, está matriculada en FP. Aproveita as noites para **estudar**, mentres non é descuberta. Os seus pais reservan ese papel para o seu irmán. Dela agardan que aprenda ben as tarefas da casa, mentres non chega ao matrimónio.

Nas **Xornadas de Actividades e Convivéncia dos nosos Maiores**, celebradas en Santiago estaba prevista a asisténcia de 6 mil persoas, pero xuntáronse 8 mil. Os vellos andaban rebotados buscando asento e comida.

Polo que se ve neste país sobra de todo, obreiros nos estaleiros, agricultores e agora vellos.

Gardas Civis dos chegados para combatir o lume foron vistos residindo en hostais de duas e tres estrelas, con matrículas de Jaen e vestidos con *bermudas*. Fraga matou dous páxaros dun tiro: apaga os lumes e poténcia o turismo rural. □

CONFLITO LÁCTEO

O SLG pédelle colaboración aos transportistas

Nova tractorada os dias 11 e 12 de Xullo

Unha nova tractorada, esta vez, progresiva, vai ter lugar os dias 11 e 12 de Xullo. O acordo do Sindicato Labrego Galego tomouse cando ainda estaban *acampados* no Obradoiro e na coruñesa Praza de Pontevedra ante a demanda de medidas máis duras por parte dos produtores. Sabedores de que van perxudicar aos transportistas o SLG-CCLL pédenlle perdón e colaboración para que non saian nesas datas ás estradas.

A negativa das duas Administracións a sentarse a negociar cos labregos pésie ás múltiples e multitudinárias mobilizacións, foi o determinante que obrigou ao Sindicato Labrego Galego a convocar unha nova tractorada para os dias 11 e 12 do mes de Xullo. Mobilización que estará tamén apoiada por Unións Agrárias e que será progresiva: o dia 11 concentraranse en estradas e vilas pequenas, para o dia 12 facer as concentracións nas cabeceiras das comarcas, estando por decidir ainda a magnitude dos cortes de tránsito, por máis que se prevé, dada a atitude dos gadeiros, que en moitos pontos as estradas estexan pechadas os dous dias, pois os tractores permanecerán de noite tamén fóra.

Segundo Emílio López, do SLG "se algun responsábel dalgunha administración nos recebe a mobilización pode volverse directamente contra a outra". As Comisións Labregas denúncian a política da Administración central que "fai ouvidos xordos como se non se inteirase de nada, cando está perfeitamente informada. Pretende botarlle as culpas á Xunta da desfeita do sector cando eles tamén son responsábeis".

Emilio López Pérez ve positivo que "Fraga falara de nós, ainda que fose mal, agora xa non estamos mobilizados, agardamos que nos dé xa unha resposta positiva".

Non é Larsa, é todo o sector

O SLG fai fincapé en que as mobilizacións non son polo problema de Larsa "como alguns queren facer crer de forma reducionista e interesada". As reivindicacións aprobadas van encamiñadas a defender o sector lácteo na sua totalidade: "Mesa de diálogo coa preséncia das duas Administracións e as empresas leiteiras; criación dun grupo industrial galego; cobro do leite adebedado; garantia de recollida e do cobro cun précio mínimo e estabelecimento dunha interprofisional".

Os labregos están convencidos de que a sua loita vai para longo e de que, ainda que é má época polo traballo, estas mobilizacións teñen que levarse a cabo, ainda que, en boa parte, están seguros de que hai que ir a unha folga xeral para o Outono.

Seguindo coa política de clarificación e apoios vanse apresentar en todos os concellos mocións para que os diversos partidos políticos e corporacións se pronúncien. Cando se discutan van estar presentes nos plenos os gadeiros das comarcas polo que os distintos partidos poden entrar en contradición coas suas próprias direcións. □

X. MARRA

Besnier rompeu o acordo con *Leche Rio*

O futuro de *Larsa* resolverase antes de Agosto

Larsa apresentou xa na Xunta o seu "plan de viabilidade" que ten como eixos básicos a ampliación de capital, mellor se é galego, e a redución de plantilla, a meio de baixas incentivadas e xubilacións, para centrarse na gama de produtos manufacturados abandonando en parte o mercado da venda de leite.

Fontes oficiosas da empresa afirmaron que non apresentaran antes o plan por medo a que as filtracións que pudese haber lle desbaratasen a sua estratéxia. O pouco detalle dos anteriores, rexeitados pola Xunta, serian xa apresentados asi adrede para dar tempo tanto a ultimar a sua estratéxia como a ter rematada a sua gama de produtos sen que a *espionaxe industrial* ou a *indiscreción* dalgun funcionário beneficiase á competéncia.

Larsa pechará posibelemente a factoria de Vilagarcia e xa houbo intermediários que lle ofereceron a outras empresas estas zonas de recollida.

Por outra banda é preocupante que xa o dia 3 de Xullo, Xosé Rodríguez, coñecido por *Pepe Mantequilla*, se personase na factoria de Arjeriz para asumir a dirección.

Arjeriz é unha das empresas que forma parte do "Grupo Larsa" e o seu impulsor, Xosé Rodríguez, amigo persoal de Cacharro Pardo, foi recente Medalla Castelao, ademais de ser un dos impulsores das celulosas, sendo un dos principais accionistas de Papelga. Portavoces da Xunta teñen afirmado, en máis dunha ocasión, que o problema de Larsa é familiar.

Por outra parte a multinacional Besnier e Leche Río romperon o acordo que tiñan firmado para a compra desta factoria polo grupo francés. Besnier viña aprazando a firma da venda desde o mes de Marzo e agora pedia outra prórroga até Agosto, o que enfadou a Lence Santar, dono da empresa luguesa.

En meios lácteos afírmase que Besnier está moito máis interesada polo grupo Larsa e que ou está xa decidida á sua entrada como accionista minoritário ou a venda dalguna empresa do grupo. Hai que ter en conta que Larsa ten as mellores zonas de recollida e os mellores produtores grácias a que se quedou con eles cando a firma do contrato homologado. □

DEFENSA DO PATRIMÓNIO

Felipe Senén

'É certo que se destruen moitos castros, pero son os grandes monumentos os que corren perigo'

■ XAN CARBALLA

Naceu no Carballiño pero leva na Coruña, á frente do Museu Arqueolóxico instalado no Castelo da Illa de San Antón desde o ano 1975. É un infadigábel traballador na divulgación da nosa cultura por todos os médios posíbeis. Todos o lembramos co seu proxector de diapositivas por canta agrupación cultural, centro de ensino ou asociación de viciños, sempre con paciéncia didáctica, ensinando con dinamismo unha cultura que debia estar lonxe do mofo e o balor que se supón aos museus, dos que sempre tivo unha valoración crítica.

"Estou nunha illa, nun museu e na cidade da Coruña que son tres pontos dun triángulo que me marcan bastante. Estar nun museu é unha forma de enlarvar a cultura e eu asumo este problema, estamos nesa cultura de cirimónias, dias, actos culturais, que é unha forma de facer da cultura un paquete para determinados estuches. Estar nun museu é un perigo a non ser que lle dé ao museu e á cultura un senso de vida, de explicación dun povo, de síntoma de identidade; madurez e criación. Estiven sempre insistindo en que a cultura é a resposta que o home lle dá aos problemas que lle plantexa o entorno, e esto resólveo collendo tradición e innovación, dentro dun ánsia de progresar, no sentido de que as cousas melloran cara á madurez da persoa e a sociedade. Hoxe vivimos nunha época na que as cousas fanse como unha litúrxia, por facelas, cun senso de elite e de clase, e até diria de segregación: nunca se falou de tanta convivéncia integral e nunca a sociedade estivo tan dividida en terceira idade, viuvas, amas de casa, mundo dos nenos,...

'ESTAR NUN MUSEU É UN PERIGO A NON SER QUE SE LLE DÉ AO MUSEU E Á CULTURA UN SENSO DE VIDA, DE EXPLICACIÓN DUN POVO, DE SÍNTOMA DE IDENTIDADE, MADUREZ E CRIACIÓN'

Outra caricatura é estar dentro dunha illa. Estou aqui na entrada do porto vendo a cidade ao lonxe, o que tamén me marca bastante. E logo a cidade de A Coruña, completando estes tres pés, é unha urbe cunha grande história, moi aberta e se se quer moi predisposta a todo o que veña, á novidade, o que ten as suas vantaxes e os seus perigos hoxe, cando ollamos o que se nos vende como modernidade, como progreso e como contemporaneidade. En definitiva, son tres pontos que loxicamente a min me marcan como persoa que trata de ver Galiza desde Galiza e potenciala desde A Coruña se se quer cara o mundo, seguindo exemplos nesa proxección cara fóra de persoas como Castelao, Luis Seoane ou Diaz Pardo. Até que estas persoas o fixeron vendeuse unha imaxe de Galiza esperpéntica e caricaturizada e eles deron unha nova dimensión de cór, dinamismo e criatividade. Non é só o idioma a nosa marca máis importante, a arte tamén é o noso carné de identidade. Lembro unha frase de Diaz Pardo que dicia que a arte é un idioma e os idiomas teñen pátria.".

Como un adro da conversa Felipe Senen, incansábel divulgador até na entrevista, esboza alguns dos temas que lle queriamos perguntar. Asi vai ser ao longo dunha hora na que os interrogantes se mergullan cun discurso moi enfiado.

Durante moitos anos vostede foi un habitual en canta actividade cultural se facia.

E sigo tendo unha relación moi intensa ainda agora. Cada dia teño unha conferéncia nos lugares máis insospeitados. Estou sempre en contacto coa educación de base que penso que é fundamental. Di-

'CADA DIA TEÑO UNHA CONFERÉNCIA. DIVULGAR E CONCIENCIAR É DO QUE MÁIS PRECISA A NOSA CULTURA'



A NOSA TERRA

vulgar e concienciar é do que máis precisa a nosa cultura.

Como se poderia facer máis útil entón un Museu como o que vostede dirixe?

O nome de Museu xa é perigoso porque deseguida o asociamos a algo entre algodóns. Hoxe é un lugar onde se conserva, estuda e divulga o património artístico, e onde se dá a coñecer que ese património actual pronto é pasado. O Museu ten a obriga de transmitir esas raiceiras, de consolidalas, para criar se se quer un futuro mellor collendo ou desbotando o que faga falla. Os Museus até agora sempre foron moi selectivos escollendo o bonito e positivo, pero penso que tamén hai que expoñer o que vai contra o próprio home e a própria vida como síntoma do que non se debe facer. Hoxe estamos seleccionando bastante.

O próprio espácio do Museu constriñe moito, porque é un edificio de vella planta cunha determinadas sás ás que hai que adaptarse, sen talleres, sen espácios para didáctica ou sen armacéns. Estes son os problemas de case todos os Museus de Galiza.

Asumindo isto procurei outras canles como facer actividades relacionadas coa cidade e con Galiza: "Coñece a tua cidade", que son xeiras ensinando os monumentos *in situ*, dunha forma integral e participativa ou as de "Coñecer Galiza" que tiveron un grande éxito e mesmo nos permitiron criar unha asociación de seis anos para aqui que case supera os 500 asociados. Podes converter un autocar nunha aula desde a que mostrar a imensidade da nosa terra no seu devalar, no inverno, na primavera, no verán e no outono. Asi se comprende ben a filosofia de Otero Pedrayo de *enxergar*, de meter dentro de ti a tua terra. O resume da nosa intención e a nosa didáctica seria a consigna: *coñecer para querer e querer para defender*.

'COAS EXCURSIÓNS DE *COÑECER GALIZA* QUEREMOS FACER REALIDADE A CONSIGNA COÑECER PARA QUERER E QUERER PARA DEFENDER'

saborear o románico xantando unha empanada de raxo, o barroco cun amendoado de Alariz... ou sexa que iso forma parte da sensibilidade.

Amais de ser museu este é arqueolóxico, o que multiplica os *riscos*.

Darlle vida e bastante é difícil e iso sempre o asumin. Hai un princípio en arte que di que o feito mínimo de criación é asumir as cousas e mesmo, penso eu, que asumir tamén é un xeito de rebelión. Todo isto que levo dito é unha maneira de enfrentar ese problema.

Conservación do património: non só os castros

Vostede saía recentemente nos meios de comunicación denunciando a destrucción dos castros...

Non só son os castros, que aqui case se destrue un cada dia. Hai causas e efectos na destrucción do património, e as causas son políticas. Cando vou dar unha conferéncia sempre hai quen me di que realmente é un problema de educación e é certo nalgun sentido. Hoxe estamos educando a futuros políticos, que hoxe teñen dez anos, e se a educas no pupitre, pensando nunha evaluación, nunha oposición, estás educando aos piores capataces. Se houbese unha educación humanista, relacionada co médio, as cousas mudaban e iso todo depende dos programas educativos e portanto da vontade política.

Moitas veces as Consellerias tiveron de bon que moitos que ocuparon postos, através do coche oficial entraron en contacto con Galiza. O que non quitou facer actuacións de excavar un castro e destruir outro. Pero vaiamos ás prioridades: que monumentos son os primeiros que hai que salvar?: os máis visitados e os que nos representan na "tarxeta postal".

A Catedral de Santiago. Como está o Museu da Catedral? De pena. Ao Mestre Mateo fíxoselle moita exposición, pero en que condicións está o Pórtico da Glória? Fíxose algun estudo? E o Camiño de Santiago? Hai accesos para os peatóns cando veñen a cabalo, como están as fontes, as antigas aldeas e vilas, os antigos hospitais, as pontes, as pinturas murais de Vilar de Donas ou de Santa Eulália de Bóveda... Se se coñecera o Camiño de Santiago o balance seria lamentábel.

Por iso digo que o primeiro é coñecer a enfermidade do noso país, os deterioros do património artístico. Hai moitos congresos e poucas actuacións ainda que agardo que polo memos as que están plantexadas sigan adiante. Hoxe o MOPU e o Concello de A Coruña teñen un convénio para o coidado e potenciación da Torre de Hércules, porque hoxe está case como no século XVIII, e esperamos que se faga e ben. En Lugo restauráronse as Murallas e xa vemos como están.

Despois hai un problema de coordenación: entre concellos e governo autónomo e entre este e o central. Hai moitos departamentos e funcionários dedicados á protección, pero hai coordenación coa Igrexa ou co Exército? O máis importante é a coordenación cos concellos, porque son os de interese máis imediato. Os concellais de cultura deben saber cal é o seu património e se algo se destroza el é o responsábel de axilizar mil instáncias e teléfonos para solucionar esa situación.

É certo que se destruen moitos castros, pero son os grandes monumentos os que corren perigo. Ademais enténdese castro como acrópole ou parte máis elevada, pero un castro é unha cidade da Idade do Ferro que foi romanizada pero que ten ademais de acrópole os seus bairros, os seus muros, os seus campos de cultivo, e que ten unha gran extensión que non se protexe. O que se protexe só é a parte de arriba. Tes que salvar non só o castro, o cruceiro ou a Igrexa ou a Ponte senón un área de protección arredor dos monumentos.

'NA PROTECCIÓN DO PATRIMÓNIO HAI QUE COORDENAR MÁIS AS ADMINISTRACIÓNS, E OS CONCELLOS SON UN PUNTAL FUNDAMENTAL. O CONCELLEIRO DE CULTURA É O RESPONSÁBEL DE AXILIZAR MIL INSTÁNCIAS E TELÉFONOS CADA VEZ QUE HAXA UNHA AGRESIÓN'

E con todo ese discurso en contraste coa realidade, non se sinte un pouco predicador no deserto?

Esa mesma pergunta fágoma eu, pero vanse conseguindo cousas.

A idea que vostede propón vai moi vencellada a unha forma de entender politicamente Galiza?

Teño unha idea moi aprendida xa desde aquel vello libro de Beiras, "O atraso económico" que dicia "ver Galiza desde Galiza". Iso é toda unha teoria, un tratado económico. Ver Galiza ademais desde este tempo tan difícil que nos tocou vivir, un tempo de mudanzas, onde o home e a cultura son simpolas mercancias e onde loitamos pola vida en contra da vida, que é o máis grave. A min gostariame entender o progreso como unha relación cómoda, integral, co noso entorno imediato, e hoxe estámolo destruindo. Pergúntome moitas veces que importan moitas teorias políticas se en realidade estamos destruindo o mundo.

Iso enlaza cunha visión ecolóxica...

Pero o ecoloxismo pode impregnar moitas visións políticas. O ecoloxismo pode ter futuro se non nos dan o timo, e se empece a empaquetar e esterotipar, como se fixo coas palabras feminismo ou socialismo. Nunca vin tantas agresión ás mulleres e penso se as feministas non se sentirán tamén soias no deserto.

Mitos e identidade

Até que ponto precisamos referentes míticos para reforzar a nosa identidade como povo?

Xa o di Saint-Exupery en "O principiño", un povo sen mitos nen ritos é un povo cunha cultura morta. Un povo capaz de criar é un povo rico. Pero tampouco hai ser tan pragmático e adornarse de certas cousas. Se nos referimos a mitos como o de Breogán, *senón é vero é ben trovato*, e son moi necesários, porque enrioquecen a cultura dun povo. Todos os povos están orgullosos de ter esas bases literárias e míticas. O mao é cando se uniforman e se perde identidade, que é un perigo dalgunhas das nosas grandes festas como o Antroido. Como di Manuel Maria onde hai uniforme sempre hai probeza. □

'HOMES COMO CASTELAO, LUIS SEOANE OU DIAZ PARDO CONSEGUIRON ACABAR CUNHA IMAXE DE GALIZA ESPERPÉNTICA E CARICATURIZADA. DÉRONLLE UNHA NOVA DIMENSIÓN DE CÓR, DINAMISMO E CRIATIVIDADE'

Estas xeiras, que tamén saen fóra de Galiza e que nos permiten ver outros paises desde o coñecimento do noso, seguen unha tradición que se comezou coas *xeiras* da Xeneración Nós, do Seminário de Estudos Galegos. A Académia Galega mesmo naceu destas xeiras.

Sempre foron actividades relacionadas coa reinvidicación do próprio país,...

É unha forma de coñecer o entorno. A cultura, a terra, o país é algo que hai que sentir, non chega con ollalo e podemos sentir máis alá dos nosos cinco sentidos. Podes

'MOITOS CARGOS DAS CONSELLERIAS ENTRARON EN CONTACTO CON GALIZA ATRAVÉS DO COCHE OFICIAL'

Coñecer Galiza

O Museu Arqueolóxico organiza diferentes actividades para sair da rutina da visita museística. As excursión "Coñecer Galiza" son as máis exitosas e está planificadas xa para todo o ano. Para o mes de Xullo teñen prevista a visita dos Ancares (dia 15), Sobrado dos Monxes e O Caurel (dia 29); e en Agosto, os lindeiros de Asturias (dia 12) e Terras de Bande e Lobios (dia 26).

Desde hai uns anos as ofertas para viaxar crecen imparabelmente. Ollándoo desde unha perspectiva como a sua, que consellos daria nesa idea de coñecernos desde nós mesmos?

Decia Herodoto que viaxando aprendera a filosofar. E é certo que viaxando empezas a pór o teu ponto de arranque, o metro co que vas medir todo o mundo. E empezas a darlle valor ao teu.

Viaxar é bon, no verán ou no inverno. Hoxe todo se relaciona en función do turismo e nós debiamos potenciar tamén o noso próprio país, pero non só no verán e indo máis alá da arte ou da gastronomia. Tamén podemos potenciar o cromatismo do outono, os matices de cada estación....

Ainda que seña por consumo ou potenciada por unha certa erótica, viaxar é unha das melloras formas de entrar na cultura. As cousas que ves e pisas sempre as vas sentir máis. □

■ Irregularidades na contratación. Cando os sindicatos estatais tentan desde Madrid desenvolver certo control dos contratos dos traballadores, na nosa comarca faise máis patente a precariedade coa que aceden a meiranda parte dos xóvenes, ao primeiro emprego, estando, o contrato, asinado o 90 das veces en branco e, despois de te-lo entragado na oficina de emprego non se entrega cópia ao traballador. É o normal cando acedes ao primeiro emprego *que asines o que che poñan por diante*, informa **Antón Malde** desde Betanzos.

Mais este problema non é un caso isolado, está englobado nun fraude xeralizado que veñen fazendo os empresários. Para o secretário comarcal da CXTG da Coruña Xose Luis Martin "Paiosaco", "o problema xa comeza coas 17-18 formas de contratación que permiten contratar indebidamente cunha conceición distinta á da própria Lei. Asi en Betanzos por mor dos contratos de formación contrata-se a gente entre 18 até 25- 26 anos dicindo no contrato que traballan 20-25 horas á semana, cobrando realmente esas horas, mais na realidade traballam 40-50, desenvolvendo traballos que non se lles pagan.

Para Paiosaco este seria tamén o caso das grandes superfícies comerciais na Coruña que con contratos por formación ou por supréncia "un emprego que vai durar todo o ano con vinte ou con cen traballadores máis vanos suprir cen persoas distintas por mor das 16-17 formas diferentes de contratación eventual, e nunca ponde botar contratados mais de 6 meses con outros máis de 6 anos. Agora o problema é que se por exemplo neceistas 20 traballadores metes 300 a rolar, e resulta que pasan 9-10 anos sen que haxa nengun trabalhador fixo con emprego". A filosofia deste sistema é clara: "o mercado considera-se libre, é como se de mercar uma pataca se tratase."

Os mecanismos correctores desta situación veñen da província denúncia dos traballadores á Inspección de Traballo, con posibilidade do que a empresa sospeite e despede ao traballador, mesmo que a denúncia a fixese un sindicato. En opinión de Paisaco ao fraude non se lle pudo pór coto pola incapacidade inspectora dos sindicatos, que só ten meio a denúncia á Inspección de Traballo como calquer particular. □

■ Sete mil firmas contra as isencións do galego. A MNL, os sindicatos Federación do ensino de CC.OO. SGEI/CXTG, STEG, UTEG/INTG, Nova Escola Galega e AS-PG, enviaron o pasado dia 4 as 7.000 asinaturas de toda Galiza en protesta polo actual "Decreto de Exención da Língua Galega", e esixindo a sua imediata retirada. As sinaturas van acompañadas dunha carta, dirixida ao Presidente da Xunta de Galiza.

No caso de que a sua retirada non se faga efectiva antes do inicio do curso escolar, a MNL, sempre en coordenación coas referidas organizacións, estuda o método para facer chegar a todos os sectores da cidadania a actual situación, e a consecuente adopción doutras medidas de presión, para evitar o retroceso que nos últimos tempos vive a língua galega. "O desprezo en todas as ordes que a língua galega sofre desde instáncias guvernamentais, fai precisa unha rectificación imediata, considera a Mesa pola Normalización, e o desenvolvimento de accións que enmenden os alarmantes despropósitos a que asistimos".

MIGUEL REYES

As folgas das últimas semanas demostran a fortaleza da Frente Sandinista, segundo Borge

MIGUEL REYES

Na sua primeira intervención pública tras a derrota eleitoral sandinista

Tomás Borge chama á democratización de Nicarágua e da Frente Sandinista

■ M.V.

Tomás Borge, fundador da Frente Sandinista, ex-ministro do Interior nicaraguano, escritor —unha novela sua, *La Paciente impaciéncia*, ven de ser editada no Estado español—, era unha das voces máis esperadas tras a derrota eleitoral sandinista. As suas reflexións tardaron en chegar e fixérono baixo a forma de discurso, durante a homenaxe a un martir da revolución, Germán Pomares, realizada o pasado mes de Maio na *Casa de los Trabajadores*. Con notábeis doses de autocrítica, pero tamén de firmeza, Borge analisa o proceso de reestruturación e democratización no que se encontra mergullado o seu partido e a sociedade nicaraguana.

Tras recordar ao heroi, fundador da Frente, como o próprio Borge, este recoñece que "son ainda moitos os interrogantes e son, ainda poucas as respostas".

O primeiro paso seria "discutir, discutir a todos os níveis (...). Xa non poderá haber liñas verticais e asentimentos silenciosos". "Por qué non se tivo o suficiente valor para falar e criticar no momento oportuno?", pergúntase Borge.

"Criticábase ao ouvido e ás costas (...). É correcto sinalar a invalidez do *ordeo e mando*, afirma. "Agora imponse a democratización (...) superar formas e estilos sen renegar do que fixemos". "Para iso, sinala, compre definir máis unha vez, ou redefinir se se quer, o contido dos nosos proxectos revolucionários sandinistas. Mantendo intacto o miolo, examinar, con espíritu crítico, a nosa plataforma programática".

Qué significa ser revolucionário?

"Que significa ser revolucionário, pergúntase o comandante, nas novas condicións. Pódese ser revolucionário sendo acrítico ou sendo pesimista? Pódese ser revolucionário intransixente? Pódese ser revolucionário sendo inmoral, arrogante, engreido, medroñento? (...) Pódese ser revolucionário deixando de ser antiimperialista?".

"Con moita enerxia, di Borge, un dos membros da Dirección Nacional, en data recente, faciase estas perguntas (...). E engadia: compre unha renovación moral do sandinismo. Durante estes anos coexistiu a crise económica cunha gran gama de cadros sacrificados; outros, unha minoria inocultábel, apegámonos, nalgunha medida ou con maior medida, ao acomodamento e a un confort contrastante".

Borge asinte, a continuación, ás palabras citadas do seu compañeiro e solicita "unha reafirmación da ética revolucionária". "Mentras exista unha sociedade na que os homes medren entre enormes diferéncias signadas polo egoismo e o individualismo, afirma o ex-ministro, a loita por unha sociedade equitativa é irrenunciaáel. Pode haber un programa que poña maior énfase nun ou noutro aspecto, que difira nas formas de organización do poder económico e político da sociedade, pero só haberá programa revolucionário na medida en que recolla a práctica, a capacidade e a proposta dunha entrega na loita pola xustícia e a liberación humana".

Tomás Borge afronta todas as posibilidades que pode seguir o proceso revolucionário, incluido unha volta á via armada. "Será necesário retornar ao enfrentamento violento, á clandestinidade, ao cárcere, á tortura e á morte?", pergúntase. "Con independéncia de que os revolucionários estamos sempre dispostos, coma sempre, a correr os riscos que sexan precisos, todo parece indicar, afirma, que a natureza do conflito proxéctase noutra dirección: a loita política e ideolóxica e a medición do apoio popular, que tamén implica riscos e desafios (...) No futuro o que estará en xogo será, ao parecer, a credibilidade, además da capacidade de condución. Nese sentido —e pasa asia analisar as características do novo governo— hai vários elementos de xuício; o actual governo é heteroxéneo: hai somocistas contrarrevolucionários, serpes venenosas, ambiciosos, pro- ianquis, antisomocistas, adversários da contra, demócratas tradicionais... Un sector minoritário, pero con moito poder, ten rasgos de independéncia, unha difusa vontade conciliadora e, en última instáncia, parece, non se inclinan polo revanchismo, ainda que isto está ainda por verse. Están na procura dunha democrácia estilo Costa Rica e, en xeral, todo parece indicar que se inclinan á convivéncia e á pacificación, ainda que sexa por agora e, ao mellor, —non debemos descartalo— por razóns tácticas, vinculadas a unha estratéxia aniquilante de mediano prazo histórico".

Borge analisa tamén o perfil do outro grupo, ao que denomina *Grupo Las Palmas*, "arelante de eliminar todo vestíxio de revolución e de establecer un réxime político unhas cantas veces máis selvaxe que o somocismo".

Por último, existe "un partido revolucionário que é, sen dúbida, o partido máis grande e poderoso, en termos de calidade e cantidade relativa, do mundo capitalista". Algo que deberá ser tido en conta "polo novo governo e até polos cavernários que desexen devoralo desde dentro".

A forza da FSLN mostrariase coas últimas folgas. Con todo Borge avisa que "este momento parecera o mellor para que o novo governo tome medidas que lesionen a revolución" e indica que "a FSLN, tendo unha dirección dinámica e en plena comunión ideolóxica, non reagrupou abondo ás bases, estamos doidos e apenas en vias de restabelecer a estabilidade e de trascender as fronteiras do abraio". "É obvio por iso mesmo, sinala, que o novo governo promove minicrises que poderian derivar nunha crise desproporcionada".

"Sen refugar o enfrentamento enérxico ante situacións de feito —sobretodo aquelas que tenten de fracturar a nosa columna vertebral—, debemos eludir, no posíbel, a trampa e o enfrentamento estéril e inmediatista (...). Por outra banda, as zoupadas a cegas son unha torpeza do governo mediante a cal, tratando de nos debilitar e surprender, aceleran a sua descomposición e credibilidade", opina o ex-ministro.□

'Non existen posibilidades de golpe militar'

Após de se referir ao carácter golpista dos exércitos de América Latina cando as forzas sociais que promoven son derrotadas, Borge elimina calquer suspicácia sobre o exército nicaraguano. "Non existe a menor posibilidade dun golpe militar porque iso seria contrário aos nosos compromisos e aos nosos princípios. Seria levar ao pais á guerra civil, significaria aillar a Nicarágua, gañarse o repúdio xeral".

"Se o exército sandinista defendera a ultranza a existéncia do governo sandinista, por qué non deu un golpe de Estado despois das eleicións?", interrógase de novo Tomás Borge. "Non o deu, nen o dará, afirma, porque é un exército nacional, porque é leal á pátria, á lei e aos mandos, con independéncia das simpatias políticas da maior parte dos seus integrantes que somente teñen a oportunidade de votar a prol do partido das suas preferéncias".

O ex-ministro do Interior refírese tamén á profesionalidade da policia disolvendo manifestacións cando asi lle foi esixido, "ainda que os policias choraran tamén, como as suas próprias vítimas". "Para alguns, sinala Borge, a policia actual é intolerábel porque non son un fato de asesinos. Non é tan *democrática* coma outras que chantan ametralladoras para barrer multitudes e asesinar nenos".

Borge afirma asi o carácter "nacional" do exército e da policia, pero non da *contra*, "forza militar controlada por un governo extranxeiro", pero iso non significa, opina, que "non deba dárselle unha saida que teña en conta o razonábel".

A crise actual de Nicarágua teria ademais a sua fonte nas "medidas antipopulares, na auséncia de respostas á difícil situación económica orixinada en causas alleas á vontade dos nicaraguanos". "A cicateria ianqui, opina tamén Borge, non contribuirá por certo ao alívio desta enfermedade agravada pola torpeza da xerarquia económica do novo governo quen, por outra parte, pagarán con creces a complicidade, de cando eran opositores, coa política agresiva do governo norteamericano".

A loita sandinista reafirmariase agora, segundo o comandante, "nas loitas populares e na procura necesária dunha maioria plausíbel e esmagadora, nun enfrentamento ideolóxico e político apaixoado, múltiple e orixinal". □

ITÁLIA 90

Só o Camerun aportou o seu *forró*

Un Mundial sen innovacións tácticas

PUCHEIRO

O Camerun contaba, desde o primeiro dia, con evidentes simpatias, entre as persoas que, dun ou doutro xeito, quer dicer, case todas, seguian as incidéncias do Mundial de Itália. Era o apoio que se lle presta ao feble, exótico e novidoso. Pero os *entendidos* ollaban para os *Leóns africanos* con afábel indiferéncia, mais, ao final, eran estes afeizoados os máis fieis seguidores camerunenses.

Desde aqueles comentários despectivos e racistas de Alfredo Di Stéfano no partido inaugural contra Arxentina nos que afirmaba que "a estes negros tamén lles gosta o gol", ao encontro que os enfrentou a Inglaterra, ocorreu unha auténtica *revolución* futbolística que os entendidos puderon perceber.

Camerun converteuse no Brasil dos anos cincuenta e sesenta, ainda que sen un Pelé. Pero Didí semellaba reencarnarse en Makanaky, Garrincha en Biyik, Chico en Maboang e Ademir en Milla. Voltaron á eséncia do *xogo*, ao amor polo balón, pero, máis rudos, non teñen ainda o acariciar dos cariocas e paulistas. Frente ao samba eles puxeron de moda a lambada que, esta vez, os brasileiros, moi púdicos, non se atreveron a bailar en Itália. Pode que nen coñecesen o baile moderno, porque tampouco é coñecido no Brasil, pero si o **Forró**, pois asi se chama o baile folclórico exportado a Ocidente baixo o nome de **lambada**.

A xenialidade aparecia polo seu próprio peso, desconcertando as férreas tácticas preconcebidas en pizarras sen espírito e só os penaltis, castigo ao fin e ao cabo, lograron apartalos do camiño da glória estabelecida polo império *fifo*. Pero a sua glória, como o seu fútbol, non é deste império, obedece a sistemas, conceicións e até motivacións diferentes. Cando no fútbol existan duas organizacións diferenciadas, os románticos *amateurs* quererán xogar todos como Camerun: "facer un cano na área pequena para sair co balón controlado, *pinzarlle* o balón a un monumental defensa de case dous metros, pegar un taconazo para disparar a gol que nen a *Saeta Rúbia* era quen de realizalo... bailar o *forró* co bandeirin de esquina despois de marcar un gol.



N'Kono, porteiro de Camerun, a selección revelación de Itália-90

Fronte a eles situáronse unha Arxentina agardando só a xenialidade dun Maradona inventor de eséncias, como único sistema; unha Itália que abandonou a sua peculiar conceición do *catenaccio* e intentou estender a calidade dos seus clubes, pero encontrouse con que faltaban as figuras extranxeiras e foi a inércia local a que funcionou como pasaporte nas eliminatórias; unha *laranxa mecánica*, que seguia sendo laranxa, pero cun mecanismo roto completamente ao non engarzar no sistema as distintas figuras; unha Alemaña con forza física, entrega e destacadas individualidades, Inglaterra incapaz de impor o seu fútbol de punteirazo, carreira e remate e uns soviéticos eternamente perxudicados polos árbitros.

Brasil non era Brasil, senón un transplante europeu e Checoslováquia non conseguiu dar o paso desde o bon xogo á xenialidade.

Sacando a novidade camerunesa e a inxenuidade feita danza dos coreanos, este mundial, polo de agora, non aportou nada novo nos sistemas nen nas tácticas. Un exemplo ilustrativo foi o de España. Xogou co mesmo sistema novidoso instaurado en 1982, despois do *desastre de Uruguay*, cando Suárez viuse obrigado a mudar o empregado na fase clasificatória, pero sen atreverse a cambiar aos *homes*. O pretendido *fútbol total*, con contínuas subidas polas bandas, quedouse nun remedo, sobretodo ante as caréncias técnicas da maioria dos defensas e a pouca capacidade de sofrimento de Michel, Martín Vázquez e Roberto.

A verdadeira evolución tivo lugar nas bancadas, trasladándose ali o verdadeiro espectáculo, xa sexa de forma violenta como os distintos *hooligans*, de colorido polas pinturas, música das distintas bandas, ou facendo as famosas ondas que, para que saian, é imposíbel atender ao xogo.

Cada vez máis o que ocorre no campo é un pretexto para o espectáculo dos afeizoados, convertidos, cada vez máis, en parte activa do espectáculo e mesmo impoñéndose aos que debian de ser os verdadeiros actores.

Os estádios convértense *noutra cousa*, pero é mellor que se usen deste xeito a como os usou Pinochet. □

A MEDIOCRIDADE NON TEN RESQUÍCIOS

RICARDO RIVERA

O Mundial achégase ao seu remate e pouco hai que non fose comentado, falado, escrito e criticado.

Con todo, pésie aos dispositivos de rádio, prensa e televisión, dos centos de comentaristas, técnicos e demais entendidos, ainda non escoitei unha versión que definira nidiamente o noso papel neste mundial.

Coido que é certo que somos mediocres, alomenos tanto como os iugoeslavos, belgas, irlandeses, chegos, rumanos e outros máis. Chegamos tan lonxe como os holandeses e brasileiros e non debemos esquencer que Fráncia, Dinamarca, Portugal ou Polónia nen sequer se clasificaron.

A situación non é, nen moito menos, para rachar as vestimentas.

A seleción española é un reflexo do que lle sucede aos clubes, co inconveniente engadido de que España é un pais importador de xogadores extranxeiros e os clubes atópanse reforzados por tres *estrelas* do balompé mundial, mentres á seleción fícalle o de andar por casa. Por todo isto non é extrano que os nosos xogadores sexan aproximadamente coma outros moitos, é dicer, mediocres.

Ademais, un Mundial que se xoga por eliminatórias a partido único, ten un gran compoñente de fortuna e mesmo de inxustícia. Por iso coido que chegamos, máis ou menos, ate onde meresciamos.

Outra cousa distinta é que Butragueño non vira balón nos catro partidos ou que Martín Vázquez quixera facer a guerra pola sua conta. Pero hai un detalle, un único detalle co que estou en absoluta disconformidade coa maior parte dos técnicos. Trátase do traballo de Villarroya. É certo que non é un home técnico, tamén que cando centra pode pasar calquera cousa, pero sen dúbida foi o que máis mereceu a prima cobrada por chegaren ate octavos de final. Cando as nosas figuras andaban a lambetazos coa herba, este rapaz seguia a correr e loitar, recuperando balóns para que outros, máis dotados tecnicamente, non foran capaces de bater a porteiria contrária.

Voltando ao papel desenvolvido polo conxunto, penso que o que sucede é que somos moi dados a facer o conto da leiteira e xa habia quen falaba de semifinais; pero a crua realidade colocounos de novo no noso sítio.

Todo isto é doado de falar agora que xa estamos eliminados, pero eu quero estrapolar os resultados para outras grandes efemérides que se aveciñan.

Por exemplo, hai quen xa da a Perico Delgado como gañador do *Tour* de Fráncia ou, por outra banda, quen xa anda a contar por dúcias as medallas que conquerirá España en *Barcelona 92*.

Por favor, sexamos sérios, traballemos con humildade, loitemos ate o fin e se a Deusa fortuna nos é propícia non faremos o rídiculo de chegar tarde á saida ou de que chova no asento reservado a Samaranch.

A nosa mediocridade non ten resquícios, pero a cuberta do estádio olímpico de Montjuic si, e iso é o primeiro que hai que arranxar. □

UN GALEGO NOS ANDES



Alexandre Moa escalará en solitário o Aconcágua

A subida ao Aconcágua en solitário é obxetivo que tentará cubrir o xoven montañeiro vigués, Alexandre Moa, a partir do derradeiro mes de este ano. A expedición, desde a saida ao regreso de Galiza, durará probabelmente uns tres meses.

Alexandre Moa cree que a expedición en solitário "acumula sobre un todo o papeleo burocrático, asi como todo o peso, ainda que contarei con portèadores, pero ten a ventaxa de que non dependes de ninguén".

O xoven vigués, de vinteun anos, afirma non ter un medo especial á soedade, dada a sua esperiéncia de escaladas en solitário en cumes escocesas e na maioria dos macizos da Península.

A expedición realizarase cun orzamento de 332 mil pesetas, para o que ten concedidas xa algunhas axudas e solicitadas outras a entidades públicas e privadas.

Para Moa, que pertence ao *Clube Pena Trevinca*, este será o seu maior contacto coa altitude, dado que até agora non tiña superado os 4.600 metros e o Aconcágua alcanza os 7 mil.

A escalada será pola rota máis doada, pola aba Oeste do monte, e na sua opinión non conta con especiais dificuldades técnicas, "ainda que é precisa a serenidade, especialmente cando se dan condicións de vento, frio e cámbios moi bruscos".

O Aconcágua é a máis alta cume do continente americano e encóntrase situada en território arxentino, na província de Mendoza. □

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. **Vicepresidente:** Antón Fernández Sánchez. **Conselleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga. **Secretário:** Pancho Torrente. **Vogais:** Manuel Veiga, Cesáreo Sánchez, Fernando Cuñarro, Xosé Mª Dobarro, Xosé Mª Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohan Diaz e Xoaquín Acosta.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa.

Correspondentes: Antón Prieto, Miguel Rodríguez Bertojo (A Coruña), Lois Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Compostela), Enrique Sanfiz, Maria Xesús Arias (Ferrol), Francisco Arrizado (Lugo), Xosé Castro Ratón (Vilagarcía), Xavier Canosa (Bergantiños), Antón Malde (As Mariñas), Anxel Rosende (Ortegal), Desiderio Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Álvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Cha), Xosé Carlos Villar (O Barbanza Norte), X. M. Santiago Cagigao (O Barbanza Sul), Manuel Diaz (Melide), Xosé Ramón Castro (O Carballiño), Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, Joseba Macias (Euskadi), Alberto Cruz, Teresa Toda(Madrid), Joan Retana (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto). **Deportes:** Víctor Míguez (Santiago), Rodolfo Dacuña (Vigo). **Cultura:** Lino Braxe (Lugo), Xavier Fernández Mateo (Ourense), Manuel Carballido (Madrid).

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Manuel Rivas, Margarita Ledo Andión, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Xesus Vega, César Varela, Xosé M. Salgado, Suso Piñeiro, Domingos Prieto, Alfonso Rivas, Vitor Vaqueiro, Antón Mascato, Manuel Lueiro Rey, Francisco A. Vidal, Carlos Oliveira, M. Forcadela, X.L. Iglésias. **Internacional:** Xulio Ríos, Fernando Carballa, Mariano Aguirre, Carlos Taibo, Manuel Vilar, Eric Ducheteău, Carlos Duram, Xesus Cambre Mariño, Begoña Moa, Juan Carlos M. Betelu. **Ecoloxía:** M. Chouza, R. Cid, Chus Bello. **Deportes:** R.Rivera.

Humor: Xesus Campos, X.X. Piñeiro Cochón. **Psicoloxía:** M. Fernández Blanco. **Libros:** Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán, J.A.M., Xaquín Agulla, Bernardino Graña.

Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane, L. Casado Cadarso. **Cine:** Gonzalo Vilas, Celso López. **Televisión:** Alexandra Banhos. **Arquitectura:** Plácido Lizancos. **Historia:** Francisco Carballo, Anselmo L. Carreira, Xesus Torres.

Fotografía: Ánxel Iglesias, Chus Garcia, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X.L. Diaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Diaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, Delmi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silvar, Ferreiro, Fefo, Xulio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Axéncias: Novosti, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Ramón Brea Salgueiro

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Juan Louzán (Madrid - Telf.: 91-467 31 33).

Suscripcións: Blanca Costas.

Promoción: César Pazos.

Dirección e Administración: Rua Pontevedra, 4-5º (36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36280 Vigo) - Teléfonos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30 Redacción (986) 43 38 86. Fax (986) 43 35 24.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 02-13-3105.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas respeitando a independéncia dos seus autores; non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedéncia.

CARTAS

SOBRE O VIDEO DE LUIS PIMENTEL

Sirva esta para contestar á carta de Manuela Alvarez Lozano que aparece no nº 437.

Sobre a primeira crítica, a que facia referéncia aos tópicos da vida monótona e lánguida na cidade, aos "resábios machadianos" e ás cenas de quirófano e tiros de cuneta, cree que pretenden reflexar xustamente ese ambiente que se relaciona fondamente coa biografía e coa obra de Luís Pimentel.

En cuanto ao predominio no vídeo de poesía escrita en español, este é un tema que, podendo ser tratado desde o monolingüismo polos seus guionistas, pretende non esquecer a realidade da poética de Pimentel: a sua pequena produción realizada inicialmente en galego, a existéncia de publicacións bilingües de vários poemas na vida do autor e as versións que desde o español realizaron amigos seus como Ánxel Fole, Ánxel Johan e Ramón Piñeiro. Por outro lado, os casos que ti citas de Lorca, Valle- Inclán ou Torrente Ballester, non teñen nada que ver co de Pimentel.

Estou contigo no relacionado co prezo de venda das cópias dos distintos vídeos que ten editados a A.S-P.G. A realidade é que nas duas últimas cintas producidas, —"A Arte románica en Galiza" e "L. Pimentel: radiografía dun desterro"—, a Asociación mantén un importante déficit, a pesar de que se contaba nos dous casos con axudas dos concellos de Santiago e de Fene respeitivamente. A A.S-P.G., interesada na tarefa da introdución dos médios audiovisuais no ensino, buscou sempre apoio económico en distintos organismos da Administración, empezando pola própria Conselleria de Educación, (que, por certo, nen sequer contestou ás solicitudes), e conseguiu pequenas subvencións que veñen cobrer máis ou menos a cuarta parte do presuposto de cada vídeo.

Finalmente, a comparación que estableces entre o custe dos vídeos da A.S-P.G. e o de Pilar Miró sobre a exposición de Velázquez non pode realizarse de ningunha maneira: do vídeo de Velázquez venderon-se posíbelmente 750.000 cópias, do da "Arte románica", por exemplo, a A.S-P.G. distribuiu tan só 42 cintas; é probábel que o custe de produción de vídeos de Pilar Miró fose inferior ao do Románico, nun caso as tomas realizaron-se sobre cuadros concentrados nun só local ou sobre reproducións fotográficas, no outro, durante sete xornadas, recorreron-se distintos pontos das catro províncias galegas: o vídeo sobre Velázquez conta co patrocínio de duas poderosas entidades económicas, El Corte Inglés e Agencia Efe, o da A.S-P.G. con 200.000 ptas. do Concello de Santiago que ainda hoxe non foron pagadas; o vídeo de P. Miró conta con todas as benzóns dos poderes públicos comezando pola própria introdución de "S.A.R. El Príncipe de Asturias", o da A.S-P.G. conta só co desinterese de várias persoas que gostan destes traballos e que seguen a loitar salvando atrancos, alguns deles tan difíceis como os económicos.

Tan só, compañeira Manuela Alvarez Lozano, agradecerche sinceiramente estas críticas que, na medida das nosas posibilidades, tentaremos correxir. □

EDUARDO ÁLVAREZ
Coordenador de Audiovisuais da A.S-P.G.
(A Coruña)

SOBRE A AETINAPE

Un grupo de afiliados de AETINAPE queremos dar a coñecer á opinión pública a nosa disconformidade coas posturas tomadas ultimamente polo presidente da asociación: Sr. Muñiz Ríos. Como todo o mundo sabe, esta é unha asociación de carácter meramente profisional e como tal debe preocupar-se do status profisional dos seus asociados e de todo o colectivo Náutico-Pesqueiro. Cremos que ultimamente o presidente da asociación sen contar para nada coa maioria dos asociados ao seu alcance, está tomando partida en demasiadas cousas á vez e posicionando-se en determinados asuntos que nunca unha asociación deste carácter debe facer, posto que xa hai uns sindicatos que son os que realmente deben levar a cabo a defensa laboral e social dos traballadores e que son á vez os que levan a dinámica reivindicativa da sociedade.

Contodo, non estariamos en contra de que AETINAPE como asociación se solidarice cos compañeiros da mar en xeral, xa que moitos son afiliados desta asociación, pero disto a tomar posturas partidistas que igual van en contra das aspiracións da gran maioria da xente do mar e de parte da sociedade afectada, parece-nos excesivo e fóra de lugar.

Ultimamente os logros da asociación en matéria profisional non obedecen ás aspiracións e inquedanzas do colectivo Nautico- Pesqueiro e dos asociados á mesma e isto é porque se está apoiando directa ou indirectamente a política desta administración que é o noso peor inimigo. Non entendemos como despois de tantas viaxes e entrevistas que fai o noso presidente, estexamos ainda nunha posición de arranque e sen apenas vias de solución ao problema Náutico-Pesqueiro.

Non hai que esquecer que unha asociación como AETINAPE, que aglutina a xente de diversas opcións e ideoloxias, ten que ser moi cauta á hora de tomar posturas, xa que poden ferir a sensibilidade ideolóxica dos seus asociados e máximo cando esas posturas son decisión única e exclusivamente do presidente sen consultar previamente aos seus afiliados co cal se rompe a máis elemental norma democrática.

Por último e independentemente de respectivas discrepáncias queremos denunciar a máfia da Escola Náutico de Vigo comandada polos responsábeis do mal chamado internado, todos eles ligados ao *opus dei* e a "Apostolado del Mar", e mais ao grupo de profesores que fan dos aprobados auténtico veículo de lucro (venda de aprobados, enchufismo, clases particulares a cámbio de aprobados, etc.)

XAN MONTENEGRO
XOSÉ L. LADO

ATERRAMENTOS NA RIA DE VIGO

O Grupo Erva quer manifestar a sua máxima preocupación por uns posíbeis aterramentos para os que se solicitan permiso na zona chamada "Ponta das Caralletes" (Enseada de Vilaboa).

A solicitude apresentada polo concello de Vilaboa diante do Servicio de Costas (MOPU), é un proxecto para aterrar unha área de 25.000 m² de zonas de chairas intermareais destinadas á construción dun parque público e rampa varadeiro.

Hai que resaltar que as zonas intermareais son ecosistemas de elevada fraxilidade e alta produtividade ecolóxica e económica (aproveitamentos marisqueiros, zona de cria de peixes...).

Ademais a enseada de Vilaboa na que se pretende facer o aterramento está encravada dentro do espácio natural de especial protección da Baia de San Simón, que é a principal zona de invernada de parrulos da Galiza (arredor de 5.000 anualmente). Polo que o proxecto supón un grave perxuício para o valor natural desta zona.

O Gurpo Erva apresentou un escrito de alegacións contra este proxecto diante do Servicio de Costas, que é o encarregado de tramitar os expedientes desta índole.

Ademais o informado proxecto carece dunha série de estudos básicos e esixidos pola Lei de Costas para coñecer o impacto ambiental das obras que se pretenden.

Finalmente o Grupo Erva quer manifestar que ten informado os principais organismos implicados na conservación dos recursos naturais tanto autonómicos como estatais para evitar que se realice este proxecto que afecta negativamente o espácio natural da Enseada de San Simón, contemplada nas normas subsidiárias de Planeamento Urbanístico da Província de Pontevedra (Consellaria de Ordenación do Território) como Solo Non Urbanizábel de Proteción Especial e Espácio Natural a Protexer pola Consellaria de Agricultura, sen esquecer que ten a atención prioritária no listado de zonas húmidas na Secretaria Xeral de Protección Civil e Meio-ambiente de Presidéncia. □

MARÍA TORRE ALMON
(Vigo)

FILHOS DA TERRA

Nom sem grande esforço, mais coa força que nos dá a ilussom de tentar abrir umha brecha na Galiza no eido da loita ecológica comprometida perante a crescente agressom á que a nossa terra vém sendo submetida, está nascendo na Galiza um grupo que tem como objectivo global a defensa da natureza. Para iso queremos propôr ás pessoas interesadas na problemática ecológica que sumen as suas inquedanças e propostas ao nosso colectivo para juntos loitar por um progresso distinto ao que nos oferecem, baseado na armonia entre as pessoas e a terra da que somo filhos.

Algums dos pontos básicos que defendemos som:

O bosco autóctono galego frente ao desastroso monocultivo que se nos está a impôr, a base de eucaliptos que arruinam o nosso solo e ajudam a propagar um lume tras do qual se agacham escuros intereses económicos.

Estamos, pois, contra as celulosas, altamente contaminantes e por iso rejeitadas em paises "desenrolados". Frente ao intento de fazer da Galiza um grande eucaliptal cheio de celulosas, reivindicamos o bosco autóctono e o seu aproveitamento racional (silvicultura, artesania, etc.) e as prantas de reciclagem de papel en vez das inecesárias celulosas, desenrolando deste jeito umha economia própria e nom vendida ás multinacionais.

O nosso trabalho basease na concienciaçom e protesta, para o qual precissaremos de toda ajuda de quantos queiram colaborar. Dizer, por último, que a nossa associaçom "filhos da terra" nom responde a nengumha ideologia concreta, mas si ao nacionalismo perante á colonizaçom económica, cultural e ecológica.

Para contactar connosco, podedes escrevernos a:
Apartado de Correos 570
Ferrol. □

FILHOS DA TERRA
(Ferrol)

CONTOS NON ENCHEN

DO DIÁRIO DUN HOME-JET

X.X. PIÑEIRO COCHÓN

Luns, 25: Confirmado. Non estou na lista do xuíz Garzón. Tampouco desta vez vou ter unha reportaxe. Un membro da alta jet tan indiscutíbel coma min e nen tan sequer me buscan. Confeseille a Charito a miña decepción e díxome que para iso tiña que eu ser menos *camello.* Chameille vaca-burra por se acaso. Despois mirei nun libro. Non, os camelos non teñen cornos. Polo de agora.

Martes, 26: Esta mañá chamoume un periodista. O moi pelexo confundíame cun dos que aparecen na vida de Bárbara Rey. Un algo impotente, para máis. Das miñas posíbeis implicacións non dixo nen palabra. Non me deixou indignarme. Colgou de súpeto o teléfono. Ódio á prensa.

Mércores, 27: Por se acaso investigan as miñas actividades sen eu sabelo, decidin devolver o carné do partido, non vaia ser o demo. Claro que, ao botar as contas resulta que teño cinco afiliacións diferentes. Cinco militáncias son moito mesmo para un home-jet coma min. Menos mal que hai ben tempo que non pago cuota a nengun. Como calquer jet que se précie, estou en número roxos.

Xoves, 28: Parece que o do xuíz Garzón vai a menos. E o do compañeiro Portabales, como as de Bastabales, campaniñas, campaneiras. Portabales non é un home-jet. Mais coido que eu non voi coincidir nó cárcere con José María García. Mais sona para el.

Venres, 29: Descolguei o teléfono. Ia decirlle a Charito catro cousiñas pero esta vez non soaba a pinchado, simplesmente non daba liña. Baixei a unha cabina para poñer a feder aos da Telefónica. Estaba cortado por falta de pago. Era de esperar. E a Charito quen sabe onde andará. Debe ser certo o da miña decadéncia.

Sábado, 30: Este país non é sério. Que se pode esperar dun sistema que ten a un home-jet coma min máis de seis meses sen unha boa reportaxe en cor. Isto é a rendición. Se quero ter média páxina nalgun extra do verán non me queda mais remédio que casar. E pola igrexa. □

Os vellos músicos do Pórtico da Glória testemuña única da música medieval

A precisión do Mestre Mateo permite reconstruir dazanove instrumentos musicais séculos despois

■ X.C.

Unha equipa internacional, dirixida por J.López-Calo e Carlos Villanueva, e con participación de *luthiers* ingleses, franceses, noruegos e dos talleres das Deputación de Lugo e Ourense e a Universidade Popular de Vigo, veñen de completar recentemente a reconstrucción fiel de 19 dos 21 instrumentos que aparecen no Pórtico da Glória. Conséguese así ultimar unhas reproducións que só a precisión do Mestre Mateo permiten, xusto oitocentos anos despois de ser esculpidas.

Ramón Rodríguez Casal limpando a pedra do Pórtico

As figuras do Pórtico da Glória non teñen o aspecto de hai oito séculos, e apenas hai restos da antiga policromía que cobría a pedra. Apesar do *bárbaro* alemán que levantou as antigas córes á beleza e a admiración que segue a producir súmaselle agora a utilidade de server de guía para reconstruir 19 instrumentos medievais, de maneira que antes de fin de ano poderase saber de certo cal era o sonido verdadeiro da música entón composta. "A precisión das figuras é tan grande —comenta Ramón Casal, un dos luthiers que participan no proxecto — que mesmo a posición das mans e os dedos afinando os instrumentos é perfecta".

O proceso que culminou con esta reconstrución ven xa de moi atrás, recóllese en diversas propostas do P. López-Calo e Carlos Villanueva, e empezou a cristalizar o ano pasado nun encontro de luthiers —constructores de instrumentos musicais— celebrado en Compostela.

Equipa interdisciplinar

Primeiramente instalouse un andámio a nove metros da altura que permitiu fotografar e tomar todo tipo de medidas dos instrumentos *in situ*. Cabildo de Santiago, Museu das Peregrinacións, Deputacións de Lugo e Ourense e Univ. Popular de Vigo colaboran nesta fase, xunto co fotógrafo Constantino Martínez.

Durante un ano, despois de que en Xullo do 1989 se reunise en Santiago un grupo auspiciado pola Universidade Itinerante do Camiño de Santiago, planificouse e realizouse o traballo: adquisición da madeira en montes de Galiza e León, procura da maquinária, escolla dos artesáns,... Do 4 ao 16 de Xuño unha reunión científica debate a reconstrucción: Serafín Moralejo, catedrático da Arte Medieval en Santiago; Catherine Homo-Lechner, do Museu de Instrumentos do Conservatório de París e Pierre Berc do Centro de Estudos Medievais de Poitiers, xunto ao profesor madrileño Emilio Casares e unha delegación de Carcasonne.

Desde o 5 ao 17 de Xuño realizáronse as pezas (19 das 21 existentes) encarregándose cada unha delas, ou a súa familia, a un especialista: Christian Rault (Niort), o organistrum; Ronald Zacharias Taylor (Londres) os laudes; Francisco Luengo (Santiago), as violas ovais; Yves dArzizas (París), as arpas; Sverre Jense (Oslo) e Carlos Paniagua (madrid) as arpas-saltério, as cítaras e as violas en oito. A colaboración de artesáns galegos, además de alumnos que irán rotando en cada instrumento, son as de Luciano Pérez (Lugo), Manuel Brañas (Ourense) e Ramón Rodríguez Casal (U.P. Vigo).

Un próximo concerto

"O grande reto do taller será descobrir o sonido e a práctica musical que predominou durante catro séculos na Europa, chegar a coñecer o *ideal sonoro* de entón" afirma López-Calo. Para que esa proxección futura se faga realidade a Fundación Barrié que sostivo economicamente o proxecto, proxecta a publicación de todos os materiais xenerados (fotografías, planos, conferéncias e discusións) e máis adiante, antes de finalizar o ano, presentar en concerto do Grupo Universitário de Cámara, coa colaboracióndoutros músics especializados do mundo. Para o ano 1991 está prevista que exposición e concerto vixiten Madrid, Barcelona, Lisboa, Milán e New York.

Lopez-Calo, que é o máis importante musicólogo galego, ten afirmado a respeito desta reconstrucción que "os 24 ancianos do Pótico da Glória son, xunto co Códice Calixtino, unha das fontes principais para coñecer os instrumentos con que se facía música no século XII e parece imposíbel que nun rincón tan lonxano se coñeceran tal número e variedade de instrumentos". A forza do Camiño de Santiago sería a explicación desta riqueza e esta hipótese confírmase no Códice Calixtino "que documenta a existéncia dunha escola polifónica arredor dos anos nos que se ergueu o Pórtico, que era unha das máis avanzadas da época".

Até agora apenas se conservan instrumentos medievais, a excepción de várias arpas do século XIV, algunhas cítaras e rabeis de primeiros do XV, e os modelos que inspiraban aos luthiers procedían de miniaturas ou esculturas de trazos pouco definidos. Hai uns anos, os talleres da Universidade Popular de Vigo que dirixe Antón Corral, realizaron unha primeira reconstrución do Organistrum. □

O *Dia das Letras 1991* servirá para pór ao dia a edición completa da obra de Álvaro Cunqueiro

■ G.L.T.

A decisión de adicar o *Dia das Letras Galegas de 1991* á Alvaro Cunqueiro, acordase no oitavo aniversário do pasamento do narrador, poeta e dramaturgo de Mondoñedo, e no momento en que a sua obra esta a ser traducida e editada en todo o mundo.

A ocasión escollida por unanimidade no plenário da Academia Galega deberá suscitar a edición de novos traballos sobre a obra de Cunqueiro, amais de convocar opinión crítica sobre a tardanza coa que se esta a completar a publicación das suas obras completas.

Primeiro narrador de entre-séculos

Da produción do que se pode considerar primeiro narrador e poeta da xeneración de escritores galegos nados no entre-século (Cunqueiro necera en Mondoñedo o 22 de Decembro de 1911), ainda esperan edición unha novela xuvenil e os textos da revista *Galiza* de 1930, así como unha antoloxia completa e sistematizada das suas colaboracións para a Prensa. Igualmente se bota en falta unha biografía crítica que supere as compilacións de anécdotas publicadas até o de hoxe e sirva para situar a Cunqueiro en relación cos seus compañeiros de xeneración e valorar a fonda influéncia que exerceu sobre o xornalismo e as letras galegas do seu tempo.

Ademais dos seus libros de poemas xa editados, Cunqueiro publicou profusamente en diferentes revistas como *Resol, Nós* e *Quaderns de Poesia* entre outras. Tamén faltan por recopilar as suas traduccións da poesia de avangarda francesa así como versións de Holderlin e Poe. A correspondéncia de Álvaro Cunqueiro é outro dos fondos do escritor que agardan sistematización e edición. □

■ **Construción europea.** Co entusiasmo e exaltación xacobeas que soe despregar dun tempo a esta parte, o alcalde compostelano, apresentou o edil da capital o curso da Universidade itinerante do camiño de Santiago titulado "La Europa de todos los pueblos". Segundo Xerardo Estévez, Compostela e o seu camiño foron precursores claros, da actual unión europea, e a Catedral pouco menos que foi financiada con ecus comunitários.

Non lonxe de onde hai pouco pernoctaban á intempérie os labregos afectados pola integración na CEE, diversas personalidades da política e o pensamento de tan variado espectro ideolóxico como Eduardo Punset, Solé Tura, Enrique Curiel, Juan Luis Cebrián ou Ludolfo Paramio disertarán sobre a cousa europea. Afeizoados á arquitectura ou albaneis ociosos poden achegarse á conferéncia do dia 10, titulada "Los constructores de la casa europea". □

■ **Galicia no mundo.** A TVG escolleu este ano a compostelana praza da Quintana como "marco incomparábel" para a sua anual e autopropagandística emisión para o mundo. A pouco menos dun mes vista de tan magno acontecimento, segundo informa **Gonzalo Vilas**, a citada e sofrida praza aparece ocupada por un aparatoso cenário cuxas andamiaxes case competen en altura coas contíguas torres catedralícias. Paisanaxe e turistaxe vese privado de novo dese espácio arquitectónico, ainda que sexa para a sua simples contemplación, polo espácio dun mes como mínimo e nunha extensión de máis de média praza. E as monxas do convento adxacente, baixo cuxa presión se impediron recentes e menos aparatosos festivais, parecen ter feito voto de siléncio ante o poder televisivo, diante do cal nen o divino debe ter moito que dicer. □

■ **Publicacións da Consellaria de Cultura en bilíngue.** A Mesa pola Normalización Lingüística denúncia nunha nota feita pública a edición dunha guía bilíngue pola Consellería de Cultura, guía na que se glosan as axudas, ordes, leis e prazos sobre promoción da cultura, reabilitación de património, actividades culturais e xuvenis, etc... "a MNL non alcanza a comprender como unha Consellaria que se di de Cultura e que teoricamente está adicada á potenciación da nosa cultura pode esquecer o seu cometido fundamental. Resulta incomprensíbel e incluso vergoñento observar como un libro que contén ordes para potenciar a cultura galega aparece nos dous idiomas. A Consellaria esquece que a Lei de Normalización Lingüística recolle a obriga das institucións auytonómicas de potenciar o noso idioma. Non é fácil atoparlle sentido cando a publicación vai dirixida a organismos exclusivamente galegos.

A nota da MNL fai finalmente unha consideración sobre o dispéndio económico que supón, (...). Unha publicación moi cara con só dezaseis follas (oito en cada língua) das cales tres están en branco). □



NIEVES LOPERENA

Vicente Fontenla Peña, *Tucho*

O VOLTER, BAR DOS ARTISTAS

GURENDA FERNÁNDEZ MATEO

Vicente, Don Vicente Fontenla Peña, para nós, todos aqueles que o coñecemos e temos desenvolvido e compartido a nosa afección polas artes, Señor *Tucho*, foi rexente dun pequeno bar na zona monumental de Ourense ou máis concretamente na praza do "Eirociño dos Cabaleiros".

Verdadeiro Museu Artístico, berce de pintores e poetas, abriu as suas portas o primeiro de Abril do ano 1960. Don Vicente Risco, cliente habitual do estabelecimento, foi quen lle puxo este nome, debido a que tendo vivido en Zurich, coñeceu un bar de semellantes características, denominado *Voltaire*. Ao seu regreso e coñecendo ao señor Tucho, proporcionoulle a ideia como nome para o seu bar e deste xeito quedoulle o nome de *Volter*.

Casado con dona Conceición Taboada, Don Vicente quedou viúvo no anos 1968, no dia 27 de Agosto. Apesar disto, o cariño e simpatía dos seus clientes, axudaron a este home a seguir adiante, sen decair, mais cando fala dela, ainda hoxe, non pode evitar que se lle humedezan os ollos coa emoción.

Home culto, introvertido ás veces, mais ledo e xovial sempre, ten conseguido callar entre as xentes que o coñecemos por méritos próprios.

Coido que é un símbolo vivo da nosa Cultura, xa que grácias a el e ao seu bar, numerosos artistas, non só galegos, senón de todo o Estado español, teñen sido recoñecidos publicamente desde aquela até os nosos dias.

Tertúlias

Tiveron moita sona as tertúlias que se celebraban ali, en *O Volter* e que en numerosas ocasións tiña presenciado e compartido. Málla ter sido pechado hai alguns anos, a causa dos derrubamentos, polo mal estado das instalacións e a incomprensión dos donos do edificio, que se negan a arranxalo, e a pasividade das Institucións Competentes, nengun de nós esqueceu xamais os bons intres e lembranzas ali vividos e avogando insistentemente para que sexa declarado "Património Nacional".

Todas as suas paredes gardan a lembranza viva dos artistas e intelectuais que por ali temos pasado: cadros, poesias, e esculturas, decoran de xeito subtil e fermoso aquelas vellas paredes. Por iso, con motivo da *Homenaxe a Tucho* que proximamente lle adicaremos, queremos facernos eco desta petición unánime. Non podemos nen debemos deixar que unha obra de arte como esta desapareza, pois iso querería dicer que somos capaces de destruir un pouco de nós mesmos e da nosa cultura.

Señor Tucho, noraboa e grácias por todo o que fixeches polo desenvolvimento e conservación do património artístico da nosa cidade. □

SE NON SEGUE ESTA CADEA PODELLE PASAR DE TODO.

Un executivo non a seguiu e perdeu o avión, porque non sabía o do atasco.

Un empregado non a seguiu, saiu de casa sen gabardina, púxose como unha sopa e o seu xefe púxoo a caldo.

Unha moza que non a seguiu, non se interou a tempo do concerto e ficou desconcertada.

Un oficinista que non a seguiu, non soubo a notícia política do día e non pudo falar de nada na oficina.

Sen embargo, outro oficinista que a seguiu, comprobou que é a mellor política.

Unha señora que a seguiu, intirouse de que lle tocara a lotaría.

Un traballador interouse a tempo do tempo que ia ir e preparouse con tempo.

E un executivo que a seguiu, non seguiu pola rua do atasco e chegou ao aeroporto en hora boa.

E é que ouvir MATINAL SER é necesário para sair de casa sabendo o que pasa.

Pase esta nota a un amigo para que siga a Cadea e se non, xa verá o que pasa. Oia...

Luar na Lubre

Destacados grupos folk no *V Música na noite*

Celébrase en Solláns (Teo) o sábado 7 de Xullo

■ G.V./SANTIAGO

No lugar de Solláns, concello de Teo, non lonxe de Santiago, terá lugar este Sábado 7 a V edición de "Música na Noite", á que se chega con máis atrancos dos merecidos polos éxito dos anteriores. A asociación cultural *Lua Nova* tivo que recorrer mesmo a créditos persoais ante o pouco apoio municipal e a parálise dos orzamentos de cultura.

Singularizada por clebrarse en pleno campo, sen nengun núcleo habitado á vista, esta edición ameaza con colapsar de novo o tráfico das estreitas pistas rurais polas que se acede á explanada disposta para oferecer unha longa noite de boa música e mellor ambiénte festeiro.

Xunto aos grupos galegos 'Armeguin' e 'Luar na lubre', o cartel músical deste ano compóñeno duas formacións de renome no panorama europeu do *folk*. O grupo occitano 'Perlinpinpin Folc', que con 6 álbumes gravados recolle e emprega nas suas composicións a tradición e a língua do seu país como partida para as suas investigacións musicais. E o conxunto piamontés 'La Ciapa Rusa', un dos máis prestixiosos no "ranking" do folk europeu, que tocan unha variedade de instrumentos que poden ir desde o sintetizador até a zanfoña, o pífano pastoril ou a "musa" ou gaita piamontesa.

Os organizadores ainda ofrecen máis: Os "bolos preñados", tradición culinária da festa que, recén saídos do forno e repartidos ben onda de a noite, non deixan de causar furor entre os asistentes, edición tras outra. □

LIBROS

Exercícios inúteis?

Libro dos Moradores de D.X. Cabana

Un dos escritores galegos actuais con maior rexisto léxico é, sen dúbida nengunha, Darío Xohán Cabana. Isto ten-o demostrado de abondo, ben nas suas poesias, ben nas suas narracións, ben nas suas versións de Dante e Petrarca (que só coñezo parcialmente). Este rexisto léxico levoun-o a escrever algunhas excelentes páxinas en prosa. Orabén, non sei por que — persoalmente— dan-me a impresión de seren, a maior parte das veces, uns exercícios inúteis. E esta impresión confírma- se-me despois de ler a sua última (por agora) entrega narrativa: **Libro dos moradores**[1]

Este volume do noso poeta é un conxunto de relatos e breves notas sobre trasnos, ananos, zooloxia, contos, etc. á maneira conqueirán. Do Cunqueiro dos "Dramatis personae" de *As crónicas do Sochantre*, de "Novidades do mundo e fauna máxica" de *Escola de menciñeiros*, etc. Ainda que en certos relatos outras teclas son tocadas, son aqueles onde —quizá— máis brilla o noso autor. Son relatos de tradición oral. Non é que sexan relatos que escoitara, non, son relatos que pareceria o autor relatase —oralmente— a alguén antes de pasá-los ao papel: "Un limpabotas", "Unha tartaruga", etc. Os outros relatos ou notas son demasiado impersonais, demasiados cunqueiráns, demasiados "déjà vu, déjà connu" como para que nos digan algo novo. Son, a maioria dos textos deste volume, relatos artellados á maneira de Cunqueiro, usando unha língua e unha estrutura mui parecida á do de Mondoñedo. Tan parecidos son estes textos aos do autor de *Merlín e familia*, que compre perguntar-se se este pode ter discípulos sen que ao lé-los (aos discípulos) non teñamos a impresión de que non sé inteiraron do paso do tempo.

Darío Xohán Cabana homenaxea directamente a Cunqueiro (ainda que por erro de imprensa, supomos, dá-o por morte en 1971), traslada o mundo cunqueirán ao seu mundo —quizá sexa este o erro; non é o mundo do poeta de Roás o que lemos nestas páxinas, é o mundo dun outro escritor— e produce o mesmo efeito que o Pierre Menard de Borges. Como saben os leitores, o personaxe borgiano ten a pretensión de escrever o *Quixote*, no primeiro cuarto do século (XX). A sua intención non é copiar litaralmente a obra de Cervantes, nen —por suposto— facer unha versión moderna. "Su admirable ambición", escreve Borges, "era producir unas páginas que coincidieran —palabra por palabra y línea por línea— con las de Miguel de Cervantes". Non é que Darío Xohán Cabana intente a respecto de Cunqueiro o que Menard a respecto de Cervantes, mais, como di Borges do seu personaxe: "El estilo arcaizante de Menard —extranjero al fin— adolece de alguna afectación. No así el del precursor, que maneja con desenfado el español corriente de su época". Cambiando certas palavras do texto do arxentino o dito por este pode-se aplicar ao escritor galego. En vez de "estilo arcaizante" poñamos mundo mítico, e onde Borges fala de Cervantes poñamos Cunqueiro. E se lemos con detimento o livro do noso autor, DXC, veremos que "adolece de alguna afectación", e é que, repetimos, o mundo que está a contar, é un mundo que soa a falso, a collido polos pelos. Un mundo que non pode ser do escritor de Roás porque é doutro escritor e el, simplesmente, está a usá-lo sen a capacidade mítica do de Mondoñedo (porque, a verdade, Cunqueiro, como Borges, é inimitável, e no momento en que se quer seguir a estes autores, vemos fotocópias do orixinal). E, aparte de todo, falta nos textos de Darío aquilo que ten o orixinal: unha parte negra, non solar, como avisou moi ben non hai muito tempo o profesor Carvalho Calero. Cunqueiro é un escritor pesimista. Melancólico, di Anxo Tarrío. E Darío Xohan é un escritor optimista, solar. Eis outra grande diferéncia.

Libro dos moradors é un volume moi ben escrito, que se lé con agrado, mais que non deixaría pegada no leitor se este xa leu a Cunqueiro. E é que a pretensión de facer actualmente unha obra persoal cos patróns linguísticos e narrativos de Cunqueiro (ou Tolkien, ou Borges) é unha tarefa cáseque imposível, por non dicer que é un erro perigoso que pode levar a aquel que o intente a un caleixón sen saída.

Darío Xohán Cabana escapou, no seu dia, dun caleixón sen saída. Que non caia noutro. Ten capacidades que non debe malgastar en obras —quizá apresentáveis— menores, xa lidas, xa escritas. Como dicía o marqués de Sade "encore un éffort...". □

XGG

1) Narrativa ir indo nº 1. Ir Indo, Vigo, 1990. 138 páx.

Cesáreo Sánchez

O verso era un camiño

A árvore das sete palabras

Ao tempo de se publicar "Ningún cisne" de Manuel Rivas, poemário que obtivo o III Prémio "Leliadoura", tamén apareceu nas livrarias o livro do Cesáreo Sánchez Iglésias intitulado **A árvore das sete palabras**[2] que se declarou polo xúri como primeira obra finalista de antesdito certame. E a calquer leitor/a que dera en ler ambos e dous volumes se lle ocorrerá a mesma interrogante que imos plantear de seguida: que critérios decidiron, dediante de universos líricos tan lonxanos e dispares, a supremacia daquel livro contra este outro? De veras que un próprio sente curiosidade e até cobiza de coñecer os argumentos que inclinaron os pratos da balanza outorgando unha pesada dun quilo ao primeiro deles. E abofé que non estamos a desmerecer a calidade do poemário gañador senón simplemente a testemuñar, de xeito inofensivo, as dificuldades dunha escolla. De non ser pola valia, de sobras coñecida polo demais, dos cinco membros do xúri poderia-se dizer que a adxudicación do prémio estava cantada a razón de critérios comerciais —como acontece nos certames que patrocina o señor Lara, editor de Planeta— polo carácter de "literatura prêt-á-porter" da obra de Manuel Rivas pero a sabedoría dos xulgadores tende a disipar calquer dúvida ao respeito. Con todo ficamos coa mágoa de non poder gozar dun debate arrequecedor decerto.

Mais introduzamos a posíveis leitores/as na seiva nutrícia que percorre internamente "A árvore das sete palavras" do Cesáreo principiando cunhas palavras do profesor Basilio Losada Castro que se recollen no limiar: "é o poema do retorno á pátria ensoñada", tamén fai fincapé no xenesíaco e no ambicioso desta obra que situa acarón das imaxes dun Beato mozárabe até acreditar na sua perduración, nunha senténcia acaso sobexa e arriscada.

"A árvore das sete palabras" é un só poema, unha construción sen compartimentos, un 'todo' onde a unidade que recolle os distintos momentos é sostida polo elemento narrativo desenvolvido sobre unha armazón naturalista. As trabes desta armazón están no colorismo pictórico dunhas imaxes que expresan significados concretos da natureza e tamén nos casee prosaicos versos que o Cesáreo Sánchez Iglesias usa como vieiro comunicativo algunhas vezes de modo que complica o seguimento do relato que se nos ofere-ce. Pero a axitación que se respira no texto sen interrupción fai que só acontezan efémeros caimentos e deseguida recobramos o nexo que leva ao parto último:

No fin do sétimo dia a cortiza da árvore rompeu/
dando saida a un neno que receberia o meu nome.

Son versos que atopamos no apartado LXX deste livro e que serven tamén para salientar o apego do poeta pola numeroloxia dunha maneira intencionada. O díxito "sete" que xá atopamos no encabezamento do poema volta a aparecer neses versos que subliñamos e na división en setenta apartados do texto por mais que non teñan independéncia entre si. Tamén no cento sobrado de personaxes e lugares que se citan están os "Sete Cervos" e di-se-nos para remate o apdo. LX:

E unha oración fúnebre musitei
no comezo do sétimo dia.

Para repetir mais unha vez na primeira estrofe do apdo. LXV:

... a sua palabra tardou
sete dias e sete noites en chegar a min...

e novamente meia dúzia de páxinas despois:

Buscamos a Deusa dos Trigais durante sete dias e sete noites.

A querência numeradora do Cesáreo non conclúe ai, de feito nen sequer o sétimo dixital chega a ter no texto un pisco de presénc1a do número "tres", eis personaxes como as Tres Lavandeiras, as Tres Anciás, as Tres Irmás, os Tres Seres Alados, ou lugares citados no mesmo verso como os montes Medúlio, Pindo e Xistral, Mar de Vigo, Mar de Fisterra e Mar de Fóra, o Paraíso das Tres Sombras, os Tres Rios, a Trinidade Lunar, a Lova, a Cerva e a Rula ou o Chuchamel, o Alavanco e o Mazarico, xunto ás referéncias ao "Pasado, presente e futuro / recebendo e devorando todos os soños".

Nas suas andainas o protagonista escoita ao ancián "ferido tres vezes de dardo" e tamén a aquel galo celeste que "canta tres vezes á memória do dia", ou visualiza no azul dos ceos "Mirei tres anduriñas velozes mais que o vento", "Do ar chamei / por tres cigoñas pousadas no mancomún". Chegando mesmo a se iterar nunha mesma estrofe como acontece no apartado LIV:

pois tres vezes mentin
por min e polas miñas Tres Esposas.

Ademais son tres os eixos principais nos que se asenta a história cantada polo poeta do Irixo; A árvore, A pedra, O rio, derredor dun acontecemento onde non falta a tenrura como sincera nun dos versos...

Fillo dunha formosa história de amor
eu nascin.

...despois de subliñar con anterioridade:

Estava a ser enxendrado por un recordo.

As relembranzas dos tempos pretéritos ocupan unha boa parte dentro do poema "Recordo despois de tantos anos os dias da miña infáncia", con todas as dificuldades próprias por fazer memória de horas fuxidas, agnósia coa que deve pelexar a miúdo e que o poeta recoñece nunha bela imaxe das moitas que atopamos no livro: *Cai a chúvia / cai a chúvia no meu recordo.*

Calquera de nós ben sabe dese palpebrexar na evocación de feitos, das lagoas que de cando en cando asolagan o noso cerebro polo que as matizadas palabras do poeta non son alleas ao noso entendemento, miremos senón...

Anoitecia
Cara onde ir?
Onde a senda dos meus? (...)
Apenas podia recordar as imaxes perdidas da infáncia.

Sabemos nos seus versos que o País da Beleza, o País da Tenrura, o País da Árvore da Palabra non é outro que o Bosque da Infáncia. Os apartados XXIII, XXIV e XXV recollen as maiores dúvidas nese desandar o camiño andado...

A visión nas paredes da casa materna ficou detida
Ah, mortalmente ferida
E vexo pasar imaxes desta miña terra e [penso
na miña infáncia
ña sua felicidade e no seu desamparo
Sentin-me sen nome e sen lugar...

Por mais que se pretenda a realidade non pode ser outra, o pasado escurece moitos dos nosos recordos até fazer que sexan irrecoñecíveis a nós mesmos, o antonte sempre será mais reseso que o onte e este terá menos —frescura— que hoxe:

Nada de si mesmos tiñan aqueias figuras
que a mn ian e viñan
traian máscaras eran as personaxes da miña infáncia.

E ben sabemos as consecuéncias que trai unha desmedida nostálxia, por un acaso velai temos os versos do poeta a testemuñar o desasego...

Tan triste.
Estou tan triste con este feixe de recordos./
Fragmentos dunha infáncia xá vivida.

"A árvore das sete palavras" é un poema no que de continuo se está xogando co tempo até mergullar-se na atemporalidade, nunha confusa mestura: ontehoxe, que ás vezes non é doado diferenciar. Desde os primeiros versos a obra vai sen acougo dun tempo a outro. Xá na terceira estrofe atopamos...

Confuso e vazio chorei o meu presente
e os seus dias.

Soamente un nexo común enguedella a ambos e dous, ligazón que está no elemento que dá epígrafe ao livro...

Debaixo da árvore, ali onde o Rei Sacerdote enterrou a história
nós desenterramos o tempo presente.

Pero con iso non abonda para atopar os nosos sinais de identidade, para sabermos da nosa orixe porque "o presente / como un insecto efémero pasava a sua breve vida / en reiterado

coito". Eis o argumento que fundamenta por si próprio un retorno ás fontes primeiras e asi llo sinala o suxeito lírico ao ancián sábio: "A miña existéncia sempre asumiu o seu pasado", pensamento que se redunda no apartado XXIX deste xeito..

Mataron-me as letras iniciais do meu nome
Ficamos por isto apegados a un pasado vencido
Un pasado por vir.

A viaxe para buscar a primavera do mundo non é outra que voltar ás terras da aldea natal que tiña desaparecido através do tempo transcorrido...

Busquei a verdade do tempo pasado
Busquei na imensa memória do mundo.

Unha tarefa que de nengunha maneira se pode esquecer para que non nos aconteza como a "Aquel home sen pasado / andava e desandava e sempre estava no mesmo lugar", para iso cumpre recoñecer na morte do vello mestre outro sinal do próprio nascer, é o xeito de sobreviver e acaso non haxa outro mais:

Falei-lles evoquei-lles o pasado. Ao volver a entrar no presente

Pasado e presente, soño e realidade contenden abertamente no territorio deste poema. Moitas son as referéncias ao País dos Soños, aos seres soñados que non podemos relatar polo miúdo aqui e agora pero si deixamos constáncia neste verso que condensa ben ás claras a antesdita apreciación:

Comprei a lonxevidade ao prezo dos meus soños.

Enfin, "A árvore das sete palabras" é un livro dos que paga a pena ler sen posibilidades de arrepentemento, nas súas páxinas atopamos mistério e tamén moita simboloxia, nostálxia e tamén moitos soños, fragmentos de tempos pretéritos e retallos de hogano, e até podemos achar a momentánea derrota dos amantes da nosa pátria: "e asi vivin / cos fascinados por esta Terra e os repelidos pola história". Cesáreo Sánchez Iglesia advirte através do seu personaxe un agoiro e este presáxio, non sabemos se por casualidade ou dunha maneira intencionada, aparece nos últimos versos do apartado XIII:

Ah esta antiga pátria
Ah este vello povo que perdeu a palavra
e coa palavra a memória.

Contodo os versos derradeiros do livro deixan un pouso de esperanza "sentin renascer no meu ánimo as miñas ánsias de viver / mentres retorno neste tren á casa natal".

Dixo-se xá moito deste livro e case non se dixo nada polo de sustancioso do texto pero nen ti nen eu estamos para teses de doutoramento, namais que engadir o segredo do Cesáreo: "O verso era un camiño / a palavra un lugar". □

MIRO VILLAR

(1) Videm A Nosa Terra, nº 434. Literatura prê-à-porter. "Ningún cisne" de Manuel Rivas.
(2) "Leliadoura poesia, nº 27". Sotelo Blanco edicións. 1990.

PUBLICACIÓNS

Cooperativismo e economia social

Unha nova publicación periódica acaba de sair do prelo **Cooperativismo e Economia Social**, co Nº 1, Marzo-Xuño de 1990. Edita: Aula de Empresa Cooperativa, Escola Universitária de Estudos Empresariais de Vigo. Dirixe Santiago Santos Castroviejo, cunha ampla mesa de redacción.

Esta nova revista emprega o galego con exclusividade aliñándose asi con *Análise Empresarial*, de Unipro-Editorial, as duas de tratamento económico e social.

Cooperativismo céntrase na temática cooperativista, con estudos teóricos e análises da situación desta forma labora na Galiza. A publicación parece dirixirse a un meio social de axentes do cooperativismo porque utiliza unha metodoloxia asequíbel e unha linguaxe usual. Esforzo moi de louvar se son capaces de seguir nesa liña e neses logros.

Turnes X. dá "unha visión crítica do cooperativismo agrário desde 1940 ata 1990". As referencias son moi sintéticas e vulnerábeis. Catro estudos, pp. 9-24 céntranse nas "unións do textil", fenómeno insurxente e cheo de contradicións. A entrevista a Xurxo L. Neira, *pasionista* , dinamizador de UGACCO, tampouco clarifica o tema, ainda que mostre os camiños que percorreu o P. Xurxo na sua actividade en Melide e na Coruña.

Os profesores Caride, Meira e Requejo oferecen unha aportación moi novidosa sobre a infraestrutura financeira e patrimonial das Asociacións Culturais Galegas. Traballo moi útil para a Federación destas asociacións.

Por fin S. Santos dá conta da semana de conferéncias de Vigo, Abril de 1989 sobre cooperativismo.

En fin, estamos perante unha agradábel publicación; breve nos estudos, clara nas referéncias, sinxela nos planteamentos. Como se debe escreber, para que os leitores se enteiren. □

FRANCISCO CARBALLO

ARTE

42 artistas para a eternidade

Arte galega, revisión dunha década

Na sua recente actuación do Auditório da Galiza o xenial músico Manolo Sanlucar atacaba o inicio de cada peza cun lacónico "vamos allá". E, efectivamente, diso se trata, de arrincar ao espectador dos terreos da cotidianidade e trasladarlle aos incertos espácios da arte. Poucas son as obras, destas máis de cuarenta, recollidas nesta revisión que conseguen situarnos no ámbito da estricta criación. Isto sucede por duas razóns: a primeira é que as pezas non foron seleccionadas co critério de obra museábel, é dicer, de fito representativo dentro da producción global do artista, do momento histórico ou do movimento no que está encadrado, e en segundo lugar porque foron inexplicabelmente segregados tres criadores-guia para boa parte dos aqui representados.

Guillermo Monroy, Mon Vasco e Rafael Baixeras, os tres mortos pero cunha obra radical e viva, non poden ser ignorados porque o primeiro foi animoso catalizador da experiéncia Atlántica, Mon sentou as bases para unha modernización da escultura na Galiza sen se desviar no uso de formas e materiais tradicionais e o terceiro desde o seu intimista apartamento plantexou unha saida lírica para o murcho e esgotado expresionismo atlántico. As trinta pinturas presentes na exposición pódense agrupar en dous grandes movimentos, que case recopilando toda a actividade plástica do noroeste peninsular, o realismo máxico de Xosé Luis de Dios e Manuel Moldes como mestres máis cualificados e o expresionismo, coas suas duas ponlas principais: a informalista liderada indubidabelmente por Ánxel Huete e a figurativa que encontra na obra de M. Quintana Martelo as suas mellores realizacións.

Porén, o centro de interese da exposición sitúase nas revelacións de tres dos máis xóvenes e renovadores pintores escollidos, Din Matamoro, Miguel Mosquera e Ana Mazoy. Din Matamoro, activista da pintura-pintura, habituado ao emprego dun complexo repertório de formas e materiais que fan da sua proposta unha sorpresa permanente e buscan do espectador un compromiso intelectual para o seu recto disfrute. A lucense Ana Mazoy, pintora de estilo vigoroso e intensos cromatismos, que compón con sobriedade clásica cuestións infrecuentes. Se do allado expresionismo ainda se pode obter algun fruto, ela sabe como facelo. Desde Ourense Miguel Mosquera pontifica coas vangardas do primeiro tércio do século e instrumenta as ensinanzas do constructivismo e do dadá para lograr unha obra chea de profundidade. Bon facer, moito risco e elegante mordacidade no augusto trabalo deste xoven artista, insuficientemente apreciado polo momento.



A pouco numerosa preséncia de escultores fai destacar máis as pezas dos moi recoñecidos Paco Leiro e Silvério Rivas. As suas atraintes obras actualizan o abundante venero da imaxinería popular e individualízano en virtude dos seus próprios xestos e vontades. Porén, de novo na obra de dous dos máis xóvenes atopamos as propostas máis suxerentes. O conciso e inspirado Jorge Barbi xunto ao aristocrático Iñaqui Basallo oferecen os fitos da exposición. Xan Anleo, un brillante "instalador", aparece minorizado na mostra cunha pequena peza que dubidosamente permite vislumbrar o comprometido universo deste criador.

Se encetabamos este breve comentário sen chegar a explicarnos porque foron excluidos tres artistas falecidos, moito menos nos explicamos a marxinación de tres grandes criadores ausentes do território galego. Jorge Castillo e Xesus Vázquez pintores de recoñecimento internacional e obras resoltamente innovadoras, xunto ás sobérbias pezas do ceramista Francisco Toubes, xamais deberon faltar desta exposición. Apesar dos erros de vulto reseñados, **Arte Galega revisión dunha década 1978/1988** que poderá ser visitada na Casa das Artes de Vigo durante o mes de Xullo, tras o seu paso polo Auditório de Galicia, é unha exposición de grande interese e de título un tanto pretencioso, dado que en nengun caso se trata dunha revisión senón dun sesgado ponto de vista sobre o tema. □

FERNANDO FERRO

Arte Galega, revisión dunha década 1978/88. Xuño, Auditório de Galicia, Santiago. 6 ao 28 de Xullo, Casa das Artes e da História, Vigo.



P.V.P.: 1.000 Pta.

DE VIET NAM A GALIZA... COM AMOR
MANUEL CEBRAL
A experiencia vietnamita
Para nos aproveitarnos
A VENDA NAS LIVRARIAS

SEGUROS
FISSA GROUPE AZUR
DELEGADO
ENRIQUE MAGDALENA VILA
VELÁZQUEZ MORENO, 34-1º - TELF.: (986) 22 54 98
CON ESTES PRECIOS ASEGURE CONXUNTAMENTE O SEU VEHICULO E A SUA VIVENDA

SEAT-VW		FORD	
Ibiza, Málaga, Ritmo, Ronda, 124, 131..	38.490	Fiesta 1.1	31.532
VW Golf	44.757	Fiesta 1.3, Escort, Taunus-1600	34.056
VW Polo	38.490	Escort-1600, Orión-diesel, Sierra	39.992
CITROËN		PEUGEOT-TALBOT	
AX TRE, BX-14, GS, Visa II-Super	38.490	Peugeot-205, 404, Talbot-150	38.490
CX, BX-19, Visa diesel	44.757	Peugeot-309	44.757
RENAULT		Peugeot-305	38.490
Super 5	35.210	OPEL	
R-9, R-11	38.490	Corsa-TR, Kadett 1.3, Record 1.5	38.490
R-21, R-11 GTD, R-18	44.757	Corsa-D, Kadett-D	44.757

E ADEMAIS COÑEZA A NOSA NOVA POLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE **POR SOIO 2.110 PTA. ANUAIS**
PRESTAMOS SERVICIO EN TODA GALIZA

VICTORIANO ABENTE, UN POETA DE MUXIA NO PARAGUAI

HUGO X. RODINO

A história política do Paraguai pódese dividir, aos efectos do seu estudo, en duas grandes etapas: a anterior e a posterior a 1870. Nese ano ocorren dous feitos fundamentais: o Marechal Francisco Solano López libra a sua derradeira batalla no Cerro Corá, sendo derrotado e asasiñado, co que conclue a guerra entre o Paraguai e a Triple Alianza (Brasil, Arxentina e Uruguai), e o 25 de Novembro xúrase a nova Constitución, de tipo liberal, calcada da Arxentina, que permite e apaña en grande medida a inxerência deste país e do Brasil nos asuntos paraguaios. Dous anos anteriores ao 1870 incluen a conquista, colonización e independência do Paraguai e os governos de Gaspar Rodríguez de Francia e os dous López, Carlos Antonio e Francisco Solano. Considerando o Consulado, don Carlos Antonio López tiña cumplido vinte aos de incansábel labor no governo da república. Tiña herdado unha nación en paz, un povo disciplinado e traballador, pero desconectado do mundo exterior e ademais ignorante. A sociedade asunceña usou valixas, traxes e móbeis europeus, especialmente de Paris, e no Clube Nacional bailábanse, ademais das danzas típicas nacionais, (o Santa Fe, a Palomita, a Golondrina, etc...) o vals e o minué ao estilo parisino. E nas principais cidades, non poucas familias encumbradas por ese benestar xeral gravitaron decisivamente para a europeización dos costumes. Pódese afirmar que o povo paraguaio vivía a sua época de meirande prosperidade e felicidade.

Ao Paraguai da posguerra chegou don Victoriano Abente Lago. Tiña nacido o 2 de Xuño do 1840, na vila de Muxia. Don Victoriano dedicábase primeiramente ao exercício da profisión médica e despois á gandaria e traballou tamén como corredor de cámbio e bolsa. Pronto se deu a coñecer como poeta e os literatos paraguaios considerárono un dos seus, pois que, coma eles, pelexaba por erguer o nivel cultural, desde a prostración en que caira logo da desastrosa guerra. El amaba por igual os dous paises, o nativo e o de residéncia. Demostrouno en várias poesias, sobretodo nunha, improvisada rapidamente nunha festa á que asistiu na capital paraguia.



Victoriano Abente Lago

Con un poco de jerez
mezclo una copa de caña
y con esta mezcla extraña
voy a brindar de una vez
por el Paraguay y España

Pero a idea da terra nativa perseguíalle e chamábao. Vencido pola morriña, retornou a Galiza no 1881 e dedicalle unha poesia no doble idioma da Galiza.

Eu de soedades morria
nas terras de donde veño* e volvin para Muxia
miña vila, onde teño
gardada miña alegria

Desde a Romaria da Virxen da Barca, até a pedra que lembraba os xogos infantís todo aparece

'NACIDO EN MUXIA, ABENTE LAGO FOI CONSIDERADO UNHA FIGURA DA LITERATURA PARAGUAIA E ASI É INCLUIDO NAS ANTOLOXIAS'

na poesia de Abente Lago. Tal divulgación tivo esta que Antonio de la Iglesia incluíuna na sua obra "El idioma gallego" e Uxio Carré Aldao na sua "Literatura Gallega". Despois dunha tempada na casa paterna, volve ao Paraguai onde contrae matrimónio con Dona Isabel Miscovsky, de sangue polaco.

Entre o 1870 e 1904 o Paraguai foi governado por grupos representantes do Partido Colorado, fundado formalmente no 1887 e cuxo líder ideolóxico foi Segundo Decoud. Os Colorados posesionáronse da herdade nacional vendendo terras da nación a compañias estranxeiras. Reserváronse ademais enormes extensións de terras para a sua explotación particular. Consecuentemente a meirande parte da povoación quedou desposuida e converteuse virtualmente e escrava. Do 1904 ao 1908, en troques, tomaron o control do país os cívicos (liberais) quen, apesar dos seus erros, tiveron un plan básico de governo progresista no senso burgués e foron obsecuentes co capitalismo anglo-arxentino. No 1908 o sector "radical" dos liberais, coa cooperación dos colorados, levantouse en armas e desprazou ao presidente Ferreira, ao que se acusaba de arxentinista, e despois sucedéronse vários presidentes, en meio de contínuos sobresaltos e represións. Así pasaron á Anarquia do Centenário do 1911, unha etapa de relativa "tranquilidade" entre o 1912 e 1916, a Guerra Civil entre 1922 e 1923, e outro lapso de vagar entre 1924 e 1928. Este ano foi eleito José Guggiari, en ocasión das primeiras eleicións con máis dun candidato realizadas no Paraguai.

Vivindo esta inestabilidade política Don Victoriano, que consideraba ao Paraguai como a sua pátria dicia ante a bandeira da Guardia Nacional

No llores más patria mia
enjuga el llanto, no llores
y mira los resplandores
de un nuevo y hermoso día

A paisaxe paraguaia fascinaba ao poeta que contemplaba sen cansar a sua exuberante natureza. Por exemplo na sua poesia titulada "Salto Guaira", á vista daquela imponente fervenza, co seu incesante bruido, lembra o mar do seu litoral galego nos dias de tempestade e a comparación fáise inevitábel:

Ni el mar tempestuoso
tan arrogante poderío ostenta
cuando yergue sus hondas encrespadas
y en los acantiladas
costas con alto frémito reviente

A paisaxe sempre presente nos poetas galegos, aparece frecuentemente como protagonista na poesia de Abente Lago, por exemplo na sua poesia "La sibila paraguaya":

Patria donde soberana
la naturaleza quiso
colocar el paraíso
de la tiera americana

Con todo o seu amor ao Paraguai, sinte outravolta a saudade de Muxia e volve á mariñeira vila no 1907, para permanecer ali unha longa tempada. Escrebe várias poesias en língua galega, como por exemplo "Lembranzas" e "A Virxe da guía", incluidas por Carré Aldao na sua "Literatura Gallega". Nestes poemas podemos apreciar que nunca esquece a sua pequena Muxia:

De xeito que non hai no meu Muxia
corruncho nin petouto
que sexa moito ou pouco
non me lembran os feitos d'outro dia

Pero no Paraguai tiña deixado a sua família e volta. Abente Lago era ben estimado entre os seus colegas paraguaios, e isto próbao o escritor Ardemio López ao descreber o clima intelectual do seu tempo:

"Inesquencíbeis tertúlias do Centro Español nos seus dias de esplendor!! Ali nos reuniamos a diário para render culto á amistade, (...) Abente, presidia sóbria e xusta a palabra, lento e distinguido o ademán. Através dos seus quevedos, o seu prácíod ollar e comprensivo, habituado a sondear o poético infinito, fitábanos. O seu consello, a sua ironia bondadosa, intervíñan paa estimular o inxénio"

Os derradeiros anos da sua vida pasounos rodeados dos seus familiares pero nun clima de tensión por mor da Guerra do Chaco. Neste clima é que, postrado polos anos e os graves sucesos en que foi envolta a sua outra pátria, Don Victoriano Abente Lago falece en Asunción o 22 de Decembro do 1935. Foi considerado un poeta paraguaio, incluido na "Antología Paraguaya", que no 1910 publicou Don José Rodríguez Alcalá.

Don Victoriano, como moitos galegos, pertenceu a duas nacións, a terra do seu nacimento, o fermoso e antigo país galego, e a terra de adopción, no seu caso o Paraguai, terra que el consideraba "o paraiso da terra americana" □

Hugo X. Rodino, historiador, é Secretário de Cultura da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires.

VIAXES DO VRÁN

EN VELEIRO POLOS MARES DE HOLANDA

Unha viaxe de 14 días que inclúe unha semana de navegación en antigos veleiros, 4 noites de hotel en Amsterdam e transporte en autocar.
Saídas: *5, 9 e 26 de Xullo; 2, 9, 16 e 30 de Agosto.*
Precio: *72.000 pts.*

EN BICI POR HOLANDA

Ruta cicloturista de 13 días por Holanda incluindo a bici, aloxamento en campings, media pensión e transporte en autocar.
Saídas: *1 e 18 de Xullo; 1 e 16 de Agosto; 1 de Septembro.*
Precio: *69.000 pts. en Xullo e Septembro; 74.000 pts. en Agosto.*

TURQUIA: DE ESTAMBUL Á CAPADOCIA

Vó até Estambul e recorrido de 15 días por Bursa, Efeso, Kusadasi, Egridir, Capadocia, Ankara, Mar Negro. O aloxamento é en hoteis, en habitacións dobles e o transporte en autocar.
Saídas: *29 de Xuño; 13 e 27 de Xullo; 10, 17 e 31 de Agosto.*
Precio: *134.000 pts.*

INDIA CENTRAL, RAJASTHAN E NEPAL

Vinteoito días en autocar, tren e avión para facer unha ruta por Delhi, Puskar, Jaipur, Jaisalmer, Agra, Benarés, Bombay, e en Nepal, Pokhara e Kathmandú. Aloxamento en hoteis.
Saídas: *Tódolos meses de Xullo a Novembro.*
Precio: *226.000 pts.*

PERÚ E BOLIVIA

Saídas: *1 mes. De Xullo a Novembro.*
Precio: *272.000 pts.*

EXIPTO E XORDANIA

Saídas: *1 mes. De Xullo a Novembro.*
Precio: *198.000 pts.*

SIRIA E XORDANIA

Saídas: *15 días. De Agosto a Outubro.*
Precio: *183.000 pts.*

INDONESIA

Saídas: *1 mes. De Xullo a Novembro.*
Precio: 289.000 pts.

KENIA

Saídas: *1 mes. De Xullo a Novembro.*
Precio: *285.000 pts.*

FILIPINAS

Saídas: *1 mes. De Agosto a Outubro.*
Precio: *265.000 pts.*

E ademais... Grecia, Yugoslavia, Escandinavia, Arxelia, Marrocos, Senegal-Mali, Pakistán, A Ruta da Seda, Tibet, Australia, Cuba, México-Guatemala, Colombia-Ecuador, trekkings polos Alpes, Ladakh, Annapurnas, Everest, Cordilleira Blanca de Perú.

Solicita o noso Boletín de Viaxes de Verano-90.

anosluz
CLUB DE VIAJEROS
Ronda de Sant Pere, 11. 6° 3a. · 08010 · Barcelona · Tlf.: 302 50 81
Ledesma, 7. 1° izqda · 48001 · Bilbao · Tlfs.: 424 42 65 · 424 22 15
Rodriguez San Pedro, 2. Of. 1202 · 28015 · Madrid · Tlfs.: 445 11 45

RETRINCOS DA HISTÓRIA

San Fiz de Vixoi e a Casa Cortón

Casa Cortón en San Fiz de Vixoi

San Pedro Fiz de Vixoi é unha fermosa parróquia do concello de Bergondo nas Mariñas de Betanzos, terras de doces e suaves contornos que descenden polo nordés até as xunqueiras que beirean a ria betanceira. Vixoi —os viciños din Sanfis, con seseo final— linda co concello de Betanzos e non fica lonxe desta vila. A parróquia espállase por unha dúcia de lugares cos nomes de A Travesa, Raxás, O Marco, Tras do Val, O Castro, San Vitório, Pisón, Callou, Vixou, A Senra, Bouza Vidal e a Devesa. Antigamente o correo chegaba pola carteiria da vila betanceira e ás suas feiras e mercados acodían e acoden de cotio os paisanos de Vixoi, o mesmo que os doutras parróquias da volta.

A meados do século XIX, dous indianos recalaron en San Fiz e ali construiron cadansua quinta de verán. Un no rueiro da Fonte, un chisco sombrio e retirado. O outro no lugar de San Vitório, nun outeiro dominante dun amplo horizonte de mariñas. O proprietário desta era don Xosé Pascual López Cortón, un cedeirés que voltou do Caribe cunha fortuna considerábel. En San Fiz mercou terrras e construiu unha fermosa casa que preside uns cen ferrados de terra pechados cun muro todo arredor. Este indiano habia pasar á história da nosa cultura por un acto de mecenazgo, como foi a financiación e publicación do chamado *Album de la Caridad* no 1862, unha escolma de poetas galegos da época que configuran o pre-Rexurdimento da nosa literatura.

Esta fenomenal quinta de indiano foi morada e residéncia estival dunha série de persoeiros que foron elementos clave e directores do movimento rexenerador da vida social e cultural española promovido pola *Institución Libre de Enseñanza*. Estamos a falar de Cossio e Giner de los Ríos, os fundadores, ideólogos e animadores da institución e doutras moitas empresas culturais que levaban o seu carimbo. Desde a voda de Manuel Bartolomé Cossio con Carme, unha das fillas de López Cortón, no 1898, a casa de Vixoi xa non deixaria de estar vencellada á I.L.E. e aos seus pro-homes. Os contínuos veraneos do matrimónio Cossío e os seus fillos, acompañados por Giner até a morte deste, no 1915, converteu Vixoi —e máis propriamente haberia que dicer á casa Cortón— nunha espécie de pequena capital da cultura española durante moitos anos. E non é esaxeración. Lugar de repouso e de traballo intelectual foi este. Na casa Cortón trazáronse e discutíronse programas e proxectos. Por ali pasou en pelegrinaxe o máis granado da cultura española da época: poetas, escritores, artistas, filósofos... Aqui meditou Castelar o seu prólogo ás *Follas Novas* de Rosalia, Giner os seus ensaios e conferéncias, e Cossío, escrebeu o seu estudo sobre o Greco, que resgatou do esquecimento ao pintor. Nun fermoso mirador sito nun recuncho da finca, que Cossío adoitaba empregar como estúdio, figura unha placa que asi o acredita.

Ademais, para os galegos e para a nosa cultura, a Casa Cortón ten unha especial significación ao estar vencellada á persoa de Johán Vicente Viqueira López-Cortón, unha das figuras máis lúcidas e importantes do nacionalismo galego dos anos vinte. Era este neto de don Xosé Pascual e ainda que nado circunstancialmente en Madrid, criouse en Vixoi até os dez anos. Enfermo desde moi novo, formado no seo da I.L.E. e convertido nun cosmopolita polas universidades francesas e además nos anos anteriores á guerra europeia do 14, Viqueira reencóntrase coa sua terra ao vir destinado como catedrático de Filosofia ao Instituto de Compostela, primeiramente, e ao da Coruña despois. Johán casa cunha muller de orixe portuguesa, Xacinta Landa Vaz, tamén vencellada á I.L.E., coa que terá tres fillos. Curiosamente, a irmá de Viqueira casará cun irmán de Xacinta, tamén profesor da institución.

No 1917, ano da sua volta á Galiza, Viqueira ingresa nas recén criadas *Irmandades da Fala*, comezando un importante e fecundo labor no eido do nacionalismo e da cultura galega que non abandonará até a sua prematura morte no 1924, aos 37 anos. Eses sete anos que Viqueira dedicou á Galiza, sobrepoñéndose á enfermidade que nunca o deixou, amosan o esbozo dunha obra tremendamente versátil e complexa: o ensaio científico e doutrinal, a poesia, a tradución, as orientacións sobre a língua e o ensino galego... Unha obra breve en extensión, mais fonda en alcance e importáncia.

A temperá morte de Viqueira privou á Galiza dunha persoa de ampla e vasta cultura, comprometida fondamente co país, un grande orador e un mestre de pedagogos e psicólogos, un teórico e organizador do nacionalismo nidiamente progresista, dun home que pudo ser o xerme dun pensamento filosófico de cerne autenticamente galego.

Ainda que Viqueira morreu e atópase soterrado en Ouces, tamén do concello de Bergondo, a onde acudia a tomar os baños na praia da Lagoa, a sua vida desde o regreso á Galiza está vencellada intimamente a Vixoi e á Casa Cortón. Aqui viveu coa muller e os fillos e daqui partia diariamente nunha "charrete" á viciña estación de Guisamo a coller o tren que o levaba á Coruña, para impartir as suas clases.

Os ventos bélicos do 36 trouxeron longos anos de exílio para os moradores da quinta que fundara o indiano Xosé Pascual. Nas terras inglesas para os Jiménez-Cossío e nas máis quentes e luminosas de México para os Viqueira-Landa. Dona Natália, filla de Cossío, voltaria das illas xa viúva e en San Fiz morreria octoxenária. Dona Xacinta Landa, a viúva de Viqueira, hoxe case centenária, non voltou endexamais, ainda que si o fixeron alguns dos seus fillos e netos que voltan con certa regularidade nas vacacións de verán a reencontrarse coas suas orixes. □

XESUS TORRES REGUEIRO

NOVIDADES
As lecturas deste verán.

Conversas con Manuel María
Xosé M. del Caño

Ambulancia
Suso de Toro



Contos eróticos/Eles
Autor: Varios

Contos eróticos/Elas
Autor: Varios

XERAIS

DE NICARAGUA

Distribuidor para a Galiza
(986) 36 00 39

CHAME AO
TLF. (986) 43 36 24
E SOLICITE
AS NOSAS TARIFAS
PUBLICITÁRIAS
A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ACTOS

■ II Xornadas de Banda Deseñada

Do 19 ao 27 de Outubro vai ter lugar esta cita que por segunda vez convoca aos comiqueros, da man da Casa da Xuventude de Ourense e o Frente Comixario. Entre os actos previstos no avance do programa teremos:

Mesa redonda. "A banda deseñada e as outras artes" con Fernando Blanco, Miguel Anxo Fernández, Camilo Franco, Miguel Mosquera e Fernando Ferro.

Exposicións: "I Concurso galego de BD para xóvenes" (pendente de convocatória)

"Novos creadores portugueses", "Papel de Mulleres", "Comic-saurios", "Xoves valores galegos de BD" e "Xornal de comiqueiros"

Obradoiros de BD. Curso de 8 horas en catro dias.

Haberá tamén videos, unha xuntanza galego-portuguesa de BD, e a Festa de Clausura coa entrega dos Premios do I Concurso Galego de BD e apresentación do nº 3 da revista Frente Comixário.

■ Intercámbio Galiza-Pernambuco

Organiza *Faba na Ola*. Apresentación do Teatro de Bonecos "OAlegria do Molengo" de Recife coa obra "Historias de Bumba-Meu-Boi". **Actuacións** en Xullo:

Catoira dia 9 de Xullo ás 20 h.
Guimaraes (con *Faba na Ola*) dias 12 e 13
Alariz. Dia 14.
Cariño. Dia 15.
Noia. Dia 16.
Ares. Dia 17.
Caminha. Dia 19 (con *Faba na Ola*)
Tui. Dia 20.
Baiona. Dia 21.
Lalin. Dia 24.
Santiago. Dia da Pátria. Festa do BNG.
Carballino. Dia 26 (con *Faba na Ola*)
Caminha. Dia 27.
Bienal de Vilanova de Cerveira (con *Faba na ola*) dias 28 e 29.

■ Nación branca e azul

O Concello de Fene desenvolve durante o mes de Xullo e baixo o lema "Nación branca e azul", un ciclo de actividades tomando como referéncia simbólica o Dia da Patria Galega. O **programa** de actos é o seguinte:

Concertos:
12 de Xullo ás 20.30 h. na Igrexa de barallobre, o Grupo de Cámara de Compostela.
13 de Xullo ás 20 h. no Campo de Futbol do Cultural Maniños. Festival cos grupos *Malpaso, Sospechosos, "Rómulo Permui e os Diplomáticos"*
21 de Xullo, ás 20.30 h., na Praza do Concello "Xocaloma".
Está prevista tamén a edición de carteis e chapas co lema do ciclo e a emisión dun spot na TVG.

ANUNCIOS DE BALDE

Bancos Alternativos. Para porse en contacto Associació Caixa Alternativa. C/Baix, nº 8-1º. Tfno. (96) 332 17 51. 46003 València.

Os **Comités Abertos de Facultade** comunican a todos os estudantes que para **porse en contacto** cos mesmos, por temas relacionados coa Universidade de Santiago de Compostela ou co ensino en xeral, poden escreber aos apartados de correos: 855 de Compostela, ou ao 134 de Lugo ou ben chamar por teléfono ao número (981)563100, extensión 2228, de Luns a Xoves de 5 a 8 da tarde. Tamén poden pasar polo local que temos no Campus de Compostela, no mesmo horário, situado no pavillón de servicios estudantis.

Ofrécense **servicios de guia, recepción e turismo.** Falo inglés e portugués. Tfno (986) 22 18 32.

Se queres realizar **exposicións** vai polo Pub O Currunchо en Entremuros 12, Santiago. falar con Pili.

A Sección das Viaxes da Asociación Cultural "Irmandade Céltiga" facilitará lle información ben xeral ou ben particular dalgún lugar concreto (Asemade de horarios de Buses e Tréns) dos **paises célticos** a todas as persoas que escollan estas terras irmáns pra súas vacacións. (Irlanda, Escocia, Man, Wales, Cornualles, Bretaña.)

Escribide a Sección das Viaxes, Irmandade Céltiga, apdo. nº 26 (Sanxenxo), solicitando información detallada e adxuntando 200 pts. en selos. Irmandade Celtiga —sección das Viaxes / Apdo. nº 26 / Sanxenxo.

NOVAS SENSUAIS

DESEÑO CHELO

■ MC/COMPOSTELA

Manqui, áchase metido de cheo nun proxecto teatral onde colaboran, tamén, Agra, Morris, Xosé Lois, Xesus Campos (e un longo etcétera). "É unha história sen nengun interese comercial, por suposto. Ainda que, iso si, tentamos facer un traballo que saia fora dos cánones tradicionais". Polo momento, afirma que "non hai texto. Só ideas". E pensa na estrea para o mes de Xaneiro do ano que ven. "En Itália ou calquer parte. Tanto me ten. O caso é face-lo". Así, por riba, di que o guión "Vai ser áxil. Imos utilizar o teatro dentro e fora, saíndo e entrando, a interpretación e a non interpretación. Cousas da vida, de todos os dias, que pasan, que se din, pero, ás veces, se agochan". Asegura, ademais, con ese sorriso irónico tan afeito á sua imaxe de xénio das táboas, que "imos na busca da recuperación dos valores morais, queremos liberalizar as masas", etcétera, etcétera.

Kukas, Kukas, polifacético pesoaxe que fai gala dunha especial mistura entre feito e feito. O seu exercício é un andar constante e consistente cara a xeralización de todos os eidos. A sua mostra, que pende nas paredes de *O Currunchо*, é unha proba máis da sua orixinal fórmula de reconstrución das filigranas que el mesmo procesa.

Enrique Aller, que pasou por Compostela e expresou o seu temor polo agochamento da maior parte das armas da *contra* pensa, non obstante, que "se están facendo cousas moi interesantes en Nicarágua, o máis importante —dixo— é que a Frente Sandinista dedícase á laboura de oposición nos termos da formalidade democrática dando un grande exemplo de liberdade". □

CONVOCATORIAS

■ Premio Merlín

Edicións Xerais convoca a V edición do Premio Merlín de Literatura para nenos, en língua galega, dotado con **300.000 pesetas** que se rexerá polas seguintes **bases:**

Primeira. Poderán concorrer ó premio todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han de ser inéditos e totalmente orixinais.

Segunda. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel tamaño folio ou en holandesa, mecanografiados a dobre espacio, antes do día 10 de setembro do 1990 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A., r/ Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo.

Terceira. Co-orixinal, que deberá ser presentado baixo o lema, adxuntaranse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre: para o *Premio Merlín*.

Cuarta. O xurado estará composto por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S.A. O premio outorgarase por maioría de votos.

Quinta. A composición do xurado darase a coñecer no mes de setembro.

Sexta. O xurado emitirá o seu fallo no curso da Cea "Xerais" que se celebrará na semana do San Martiño.

Sétima. O premio non poderá ser declarado deserto e a decisión do xurado será inapelable.

Oitava. Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a novela premiada en tódalas linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta, sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares estarán libres do pago de dereitos de autor. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Edicións Xerais de Galicia, S.A., reserva, así mesmo, e durante o prazo de seis meses, a contar desde o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ó mesmo, suscribindo a tal efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición.

Novena. Os orixinais non premiados poderán retirarse nos seis meses seguintes ó fallo. Os que non se retiren serán destruídos.

A participación nesta convocatoria requererá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado que se teña designado.

EXPOSICIONS

■ Sánchez Gallego

Exposición de óleos na Nova Sala de Exposicións da Caixavigo (Policarpo Sanz 26-1º).

■ A paisaxe da abstracción

Exposición de Ramón Farre e ALejandro Sanmartín, na Galeria Trinta/Manolo Allué e Santiago. Até o 7 de Xullo.

A.N.T. recomenda

Documentos para a historia contemporánea de Galicia

TESTIMONIO DE LA GUERRA CIVIL

Isabel Ríos

Ediciós do Castro

Isabel Rios, *Testemuño da Guerra Civil.* A forza da história de Isabel Rios é a explicación de que recén teña saido unha segunda edición dun libro que no 1986 editara Isaac Diaz Pardo na colección de recuperación histórica "Documentos...". Isabel Rios, narra a peripécia vital que a leva a organizar co seu home, o médico Manuel Calvelo, o PC en Curtis, onde achega ao partido entre outros a Benigno Andrade *Foucellas*. A detención no 1936, a estadia no cárcere de Santiago, onde é fusilado Calvelo, o indulto, o desfile por outros penais do Estado, as colaboracións coa guerrilla, o exilio, son contados por esta muller que contaba entre bágoas no noso especial "O 36 na Galiza", como saian os seus compañeiros de cadeas a morrer a Boisaca despedíndose dela, na última cela, cun patético "adiós, Isabel!!". □

DISCOBAR O CURRUNCHO

entremuros, 12 - santiago

LIBRARIA-PAPELARIA
PEDREIRA
LIBROS GALEGOS E PORTUGUESES
LIBROS DE TEXTO
FOTOCOPIAS
PLASTIFICADOS
ENCADERNACIÓNS
RUA DO HOME SANTO, 55
TELF. 58 54 03
SANTIAGO DE COMPOSTELA

VIDEOCLUBE
LIBREIRIA
SIRIUS
DISCOS DE IMPORTACIÓN:
Brasil, Euskadi, Irlanda, Portugal, URSS
Novidades:
Oskorri - *Datorrena Datorrela*
B-Lertxundi - *Pazko Gaierdi Ondua*
Ganbara - *Ganbaratik*
Fausto - *A preto e branco*
Rão Kyao - *Viagens na minha terra*
Sétima Legião - *De um tempo ausente*
Travesía de Vigo, 17.
Telf.: 986-27 73 42. Vigo

somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses
libraria couceiro
Praza do Libro, Tel. 26 63 77, A CORUÑA
República de El Salvador, 9, Tel. 56 58 12, SANTIAGO

DA-CUNHA
BICICLETAS E APARELHOS DE EXERCÍCIO
80 ANOS AO SEU SERVIZO
R/ do Progresso, 87
R/ do Bom-Home, 71
OURENSE

A NOSA TERRA

ANO XIII • 5 DE XULLO • 1990 — Nº 439 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

Valtr Komarek, economista e vice-primeiro ministro checo

'Asumimos o capitalismo liberal se serve para acadar obxectivos humanistas e sociais'

■ JON BLOOMFIELD

En Valtr Komarek dase o perfil típico do cadro comunista checo apartado do poder no 69. Previamente fora asesor económico en Cuba e no governo Dubceck ocupara o cargo de secretário xeral da Xunta de Dirección Económica. A meados dos 80 reaparece como director do Instituto de Previsión Económica, no que se dá a coñecer como a voz mais autorizada da oposición á liña económica oficial.

Sobre unha imaxe de Praga o retrato de Valtr Komarek

O de Komarek é un dos nomes aclamados na revolución de Novembro xunto cos dos seus colegas economistas Vladimir Dlouhy e Vaclav Klaus. No breve tempo do governo de Havel, as posicións de Komarek e Klaus fóronse arredando, con Klaus á frente dos monetaristas (liberdade operativa da iniciatíva privada e impostos baixos) e Komarek como defensor da via de Keynes (intervención financeira do Estado e imposición directa con subsídios).

Cambiou o seu xuício da situación económica de Checoslováquia despois de catro meses como ministro?.

Este tempo de traballo serviu para confirmar o noso diagnóstico sobre a situación económica. O que me preocupa é que baixo presión de certo radicalismo están a deixarse de lado análises mais profundas e complexas a cámbio de opinións subxectivas.

De quen son esas opinións?

De intelectuales, xornalistas...

Tamén dalguns compañeiros seus do governo?

Reforma imediatas

Si, pode ser. O que buscan son reformas económicas espectaculares e inmediatas. No primeiro, queren a privatización universal. Despois, a liberalización de précios a todos os níveis. En terceiro lugar piden a liberalización plena do cámbio. Pero ao mesmo tempo esixen sacrifícios sociais, no convencemento idealista de que vale mais pasar o mal trago en pouco tempo porque asi chegará antes o cámbio.

Pensa que ese cámbio rápido encerra perigo?

Si. E ademais son da opinión de que a situación económica de Checoeslovaquia non é tan mala coma de Polonia ou a Unión Soviética, de xeito que a radicalidade das medidas que alguns estan a propor é excesiva. Pasar dunha economia que non se rexe polo mercado a outra de libre-cámbio non se pode facer nun dia, é algo que requere etapas e cada unha delas ten que se dar a xeito.

Esta é a causa das diferéncias dentro do Governo?

Sen que quera entrar en detalles sobre o debate no seo do Governo, o problema que temos é que estamos a seguir o modelo de Balcerowick (o que segue o governo de Mazowiecki na Polónia) que produce a secuéncia clásica inflación-restricción económica-recesión. O caso polaco é ben ilustrativo: no primeiro produce unha suba esaxerada no précios dos alimentos, cunha espiral inflacionista. A fin de ano habia outravolta restriccións fiscais e monetárias. O povo non dá recibido compensación ningunha por renda e asi resulta que o desabastecemento desaparece completamente: as tendas están ben fornecidas pero como non hai cartos non hai venda. Asi chegamos á recesión.

Coñecido isto, hai quen di que a *reforma Balcerowick* foi un éxito. A realidade é que a produción industrial da Polónia baixou un 30 por cento de Marzo de 1989 á Marzo de 1990 e o ministro de Traballo, Jacek Kuron preve 1.700.000 parados para Decembro deste ano. O profesor Laski, que está a estudar o proceso, anúncia que desembocará nunha depresión duradeira. Non é de extrañar, xa que á recesión da produción seguerá a recesión da demanda xeral de bens de investimento.

Teño o temor de que o governo se sinta tentado polo consello de economistas que avogan por ese camiño. O que din é que hai que subir o précio dos alimentos e baixar a demanda. Simultáneamente queren liberalizar o réxime xeral de précios, tanto no sector público como no privado. Non hai economia de mercado sen précios libres. Eso é certo. Pero a xeneralización instantánea disparará os précios. Isto viralle ao pelo aos monopólios fornecedores de matérias primas, pero acabará coas empresas que producen bens manufacturados e de consumo, especialmente os que atenden ao mercado interior. Subiranlles os custes das matérias primas e da enerxia e ao mesmo tempo perderán os subsídios do governo. Moitas empresas terán que pechar.

Exportar e competir

E hai alternativas?

Hainas. Temos que fomentar as exportacións sobre a base da competitividade. Para isto cómpre mellorar con toda urxéncia os sistemas de xestión e dirección e dispoñer facilidades para que as nosas empresas podan asinar contratos con outras extranxeiras para criar empresas mixtas.

Hai indústrias checas que son competitivas como a da máquina ferramenta, a maquinaria textil ou as impresoras, pero outros sectores están condenados á desaparición.

Eu non diria desparición senón reconversión. A nosa produción de aceiro é igual ca británica, con 15.5 millóns de toneladas e teremos que deixala na metade polo menos. Das minas de carbón teremos que quedar cun tércio da produción de hoxe. Coa indústria petro-química e a química pesada haberá que facer o próprio.

Que tempo ha levar esa reconversión?

De 10 a 15 anos. E xunto coa reconversión teremos que regular os sectores de mercado e de regulamento estatal. Ao falarmos de futuro, é evidente que temos que pensar no ponto de partida actual. Imaxinar que se pode impoñer o sistema de mercado e eliminar toda a intervención do Estado, non ten nengun sentido.

Cambiou a sua opinión sobre o socialismo despois de tantos anos de militáncia e de vivir a experiéncia histórica de asesorar ao Che Guevara en Cuba?

A experiéncia cámbianos a todos. As cousas teñen unha complexidade que antes non viamos. Tanto o Estado stalinista como a construción teórica de Marx estaban errados. Xa no ano 1968 fixéramos por desenvolver un híbrido de xustícia social e economia de mercado, algo que poderia parecerse ao modelo social-democrata escandinavo. Naquela altura xa non estabamos polo leninismo e de Marx aceitabamos só liñas metodolóxicas. A este respeito mantiven moitas discusións con Guevara, que finalmente confesaba que tiña perdida a fe na economia marxiana. En Cuba habiá quen dicia que despois de falar 14 horas con Valtr Komarek, Guevara perdera a fe no ideal socialista e fora se suicidar á xungla boliviana.

Estamos dispostos a asumir o capitalismo liberal, pero sempre que serva para acadar obxectivos humanistas e sociais. Concretamente, a ecoloxia, a humanización do traballo, a integración da muller, a educación infantil e xuvenil, o acceso idéntico á educación e á saúde. Estes obxectivos humanistas poden ser logrados con ideas que poderiamos chamar socialistas. Pero eu estoulle mais por chamalo social-humanismo liberal. No mundo non hai casos de capitalismo puro nen de socialismo puro. □

Marxism Today

TRES EN RAIA

PERDEDORES

XOSÉ A. GACIÑO

De entrada, estaba disposto a escreber a coluna máis triste esa noite —por aquilo de que, máis unha vez, perderan os meus—, pero, pasado o primeiro momento de decepción e feita a reflexión correspondente, teño xa até certa sensación de equilíbrio interior. Afeito como está un a votar por esquerdas que apenas arrincan unha alcaldia illada, pero que non perden a moral (nen a do ánimo nen a da ética), afeito tamén a desexar utopias que non se cumpren (convencido, ademais, de que non se van cumprir), fervente admirador dese xenial berro da apoteose perdedora ("Menos mal que nos queda Portugal"), mesmo partidário do Barça (e creo que isto non necesita máis comentários)..... por unha vez pensaba que me tiña colocado da parte dun vencedor. Nesta longa marathon mundialista, qué leva xa case un mes, namoreime do xogo italiano —unha mistura estimulante de elegáncia, imaxinación, forza e seguridade— e cheguei a estar convencido de que os italianos gañarian o Mundial. A medida que avanzaban as xornadas e a porta de Zenga permanecia imbatida, medraba en min o desacougo. Ian gañar os meus esta vez? Como poderia suportar a responsabilidade dun trunfo, ainda que só fose mentalmente compartido?

Pero o halo divino —co pé ou coa man— do xa insuportábel Maradona rematou co meu desacougo. Sentin aos xogadores italianos máis perto de min, ainda que segue a separarnos o muro das suas fichas millonárias.

Será pouco pragmático e, por suposto, nada eficaz, alguén diria que incluso é estupidamente cómodo ou arrogantemente puritano, pero, persoalmente, prefiro non ter que avergoñarme de que os meus gañen un partido (ou o que sexa) coa axuda dun árbitro despistado ou venal, por un golpe de sorte ou por ser un burro sen escrúpulos.

Menos mal que tampouco quedou Camerun. □

VOLVER AO REGO

Os ex-dirixentes de paises do Leste tratan de reorganizar o partido como mellor poden, alguns anunciaron a sua decisión de deixar a política e voltar a sua profisión ou dedicarse a escrebir, outros pasean o can polo bairro e alguns están na cadea.

Pero nada ou ben pouco sabemos dos seus coreados priviléxios que, ao parecer, fixeran deles os suxeitos dunha nova clase social. Nas fotografias non se percibe a sua fasquia de potentados. E, agás en Rumania, os denostados *tiranos* deixáronse vencer con apenas unhas dúcias de gases lacrimóxenos derramados. A Europa do Leste caeu con menos follón que un conflito entre mariscadores.

Calquer dentista ocidental ten máis *dachas*, máis xoias e máis automóveis que a metade do *Politburo*. Eses si que non perderán facilmente os seus priviléxios. □